



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 84

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 16 de marzo de 2011

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único:

Debate anual de política xeral: comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia 08/DEBA-0002 (58840)

Publicación, BOPG núm. 411-2, do 16.02.2011

Retómase a sesión ás seis e catro minutos da tarde.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

A señora presidenta comunícalle á Cámara o modo no que se vai desenvolver o debate sobre as propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios. (Páx. 5.)

O señor secretario (Balseiro Orol) dá lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución. (Páx. 5.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa das súas propostas de resolución: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 6.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 12.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 18.)

A señora presidenta suspende a sesión por un tempo máximo de quince minutos. (Páx. 24.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás vinte horas.

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto das propostas de resolución dos demais grupos: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 24.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 26.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 29.)

Votación das propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución pertencentes ao G. P. Popular de Galicia.

Votación das propostas de resolución números 9 e 17 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 50 votos a favor e 24 en contra.* (Páx. 31.)

Votación da proposta de resolución número 25 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por unanimidade, con 74 votos a favor.* (Páx. 31.)

Votación das propostas de resolución números 22, 28 e 32 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 62 votos a favor e 12 abstencións.* (Páx. 31.)

Votación das propostas de resolución números 19 e 33 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 38 votos a favor, 24 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 32.)

Votación da proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 38 votos a favor, ningún en contra e 35 abstencións.* (Páx. 32.)

Votación das propostas de resolución números 6, 7, 8, 10, 31 e 34 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 62 votos a favor e 12 en contra.* (Páx. 32.)

Votación das propostas de resolución números 4, 5, 11, 13, 14, 20, 21 e 37 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 38 votos a favor e 36 en contra.* (Páx. 32.)

Votación da proposta de resolución número 36 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 38 votos a favor e 36 en contra.* (Páx. 33.)

Votación das propostas de resolución números 1, 12, 15, 16, 18, 23, 27, 30 e 35 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 38 votos a favor, 12 en contra e 24 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación da transacción da emenda número 3 do G. P. Popular de Galicia coa emenda 19 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por 50 votos a favor e 24 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación das transaccións das iniciativas números 2, 24 e 29 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 62 votos a favor e 12 en contra.* (Páx. 33.)

Votación das propostas de resolución pertencentes ao G. P. dos Socialistas de Galicia.

Votación das propostas de resolución números 10, 42, 43, 113, 119, 125, 143, 176, 177, 188, 207, 211, 217, 236 e 239 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por unanimidade, con 74 votos a favor.* (Páx. 34.)

Votación da proposta de resolución número 141 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 62 votos a favor e 12 abstencións.* (Páx. 34.)

Votación das propostas de resolución números 94, 105, 137 e 186 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 24 votos a favor, 38 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 34.)

Votación das propostas de resolución números 12, 71 e 72 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 24 votos a favor e 50 en contra.* (Páx. 34.)

Votación da proposta de resolución número 24 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 24 votos a favor e 50 en contra.* (Páx. 34.)

Votación das transaccións do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre as propostas de resolución números 20, 109, 152 e 238: *aprobadas por unanimidade, con 74 votos a favor.* (Páx. 34.)

Votación do resto das iniciativas do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 36 votos a favor e 38 en contra.* (Páx. 34.)

Votación das propostas de resolución pertencentes ao G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das propostas de resolución números 10, 12, 13, 15, 27, 47, 74, 96, 130, 132, 144, 174, 213 e 218 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobadas por unanimidade, con 74 votos a favor.* (Páx. 35.)

Votación da proposta de resolución número 37 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por 50 votos a favor e 24 en contra.* (Páx. 35.)

SUMARIO

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 45 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por 50 votos a favor e 24 en contra.* (Páx. 35.)

Votación das transaccións sobre as propostas de resolución números 32, 182, 192 e 196 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 36 votos a favor e 38 en contra.* (Páx. 35.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 53 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa número 60 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 36 votos a favor e 38 en contra.* (Páx. 35.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 54 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa número 58 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 36 votos a favor e 38 en contra.* (Páx. 35.)

Votación das propostas de resolución números 19, 31, 117, 128, 156 e 206 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 12 votos a favor, 38 en contra e 24 abstencións.* (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución números 2, 14, 20, 27, 33, 38, 45, 71, 72, 195 e 209 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 12 votos a favor e 62 en contra.* (Páx. 38.)

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 36 votos a favor e 38 en contra.* (Páx. 38.)

Remata a sesión ás nove e oito minutos da noite.

Retómase a sesión ás seis e catro minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes, señorías.

Señorías, por favor. Prego ás súas señorías que ocupen os seus escanos. Reiniciamos a sesión.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Continuación.)

A señora PRESIDENTA: Reiniciamos a sesión co debate e votación das propostas de resolución. En primeiro lugar coa comunicación polo secretario da Cámara das propostas de resolución admitidas pola Mesa.

Señor secretario, ten a palabra.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Grazas, señora presidenta.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 16 de marzo de 2011, logo de examinadas as propostas de resolución formuladas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2011, tendo en conta a ordenación do debate e os criterios de cualificación aprobados pola Mesa do Parlamento e a Xunta de Portavoces o 10 de marzo de 2011 e o disposto nos artigos 48 da Lei reguladora da Xunta e da súa Presidencia e 141 do Regulamento da Cámara, adoptou o seguinte acordo:

“Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento número 62245: 219 propostas.

Propostas de resolución admitidas a trámite:

Decláranse congruentes e admítense a trámite 218 propostas de resolución.

En relación coas que se indican a continuación, fanse as observacións seguintes:

Proposta de resolución número 32: cómpre determinar a canle regulamentaria para instrumentar esta proposta.

Proposta de resolución número 141: cómpre determinar se se trataría dunha Comisión parlamentaria, en cuxo caso o Goberno non é competente para a súa creación.

Por proposta do vicesecretario, con autorización do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e para os efectos do cumprimento do establecido nos criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 10 de marzo de 2011, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, inclúense, reformuladas, as seguintes expresións nestas propostas de resolución:

Propostas de resolución números 44 e 46: despois de “Goberno galego” inclúese a expresión “no marco da política xeral do sector pesqueiro”.

Proposta de resolución número 53: despois de “Xunta de Galicia”, inclúese a expresión “no marco da política xeral industrial”.

Proposta de resolución número 63: despois de “Xunta de Galicia”, inclúese a expresión “no marco da política xeral agraria”.

Proposta de resolución número 104: despois de “Goberno galego”, inclúese a expresión “no marco da política xeral industrial”.

Proposta de resolución número 116: despois de “Xunta de Galicia”, inclúese a expresión “no marco da política xeral de vivenda”.

Propostas de resolución números 117 e 120 a 122: despois de “Xunta de Galicia”, inclúese a expresión “no marco da política xeral de infraestruturas”.

Propostas de resolución números 146, 213 e 219: despois de “Xunta de Galicia”, inclúese a expresión “no marco da política xeral sanitaria”.

Propostas de resolución non admitidas a trámite. Conforme aos criterios e cualificación aprobados pola Mesa, oída a Xunta de Portavoces, o 10 de marzo de 2011, non se admite a trámite a proposta de resolución número 131.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, documento número 62244: 240 propostas.

Propostas de resolución admitidas a trámite:

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 240 propostas de resolución.

Por proposta do vicepresidente segundo, con autorización do Grupo Parlamentario dos Socialistas, e para os efectos do cumprimento do establecido nos criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 10 de marzo de 2011, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, inclúese, reformulada, a seguinte expresión nesta proposta de resolución:

Proposta de resolución número 209: despois de “Xunta de Galicia”, inclúese a expresión “no marco da política xeral de seguridade marítima”.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, documento número 62253: 37 propostas.

Propostas de resolución admitidas a trámite:

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 37 propostas de resolución.

Por proposta do vicepresidente primeiro, con autorización do Grupo Parlamentario Popular e para os efectos do cumprimento do establecido nos criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 10 de marzo de 2011, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, inclúese, reformulada, a seguinte expresión nesta proposta de resolución:

Proposta de resolución número 25: despois de “Xunta de Galicia”, inclúese a expresión “no marco da política xeral industrial”.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2011.”

Nada máis, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, secretario.

Continuamos coa orde do día co debate e votación das propostas de resolución, comezando pola rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global destas.

En primeiro lugar, polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señora presidenta, señorías.

No debate de onte constatamos que non hai Goberno, que o presidente non está á altura das circunstancias e que segue cun discurso instalado na oposición, mentres en Galiza todos os indicadores son negativos. Dous anos de Goberno deixan un balance onde Galiza lidera a destrución de emprego, a economía non se recupera, os nosos sectores produtivos están na UCI e vaise consumir o espolio do aforro galego.

Con este panorama, só se pode falar de fracaso do Goberno e do presidente, máxime cando este se presentou ás eleccións coa promesa de rematar coa crise e empezar a crear emprego. Non obstante, fracasou no financiamento, fracasou nas caixas, fracasou na loita contra o paro, fracasou na loita contra o desemprego, fracasou na loita contra a crise e fracasou na defensa do autogoberno.

Señor Feijóo, no único no que vostede está tendo éxito é na estratexia de partido, de ser funcional para o Partido Popular en Madrid, aínda que isto sexa realmente inútil para Galiza.

Nós levamos advertindo que é necesario cambiar o rumbo, non por un capricho da oposición, senón porque obxectivamente Galiza vai de mal en peor, e vostedes, se son honestos consigo mesmos, saben que isto é así, que estes dous anos foron nefastos para o país e que non hai nin un só indicador obxectivo que indique o contrario.

O señor presidente da Xunta empezou a súa intervención de onte mencionando o descrédito da política. Porén, neste debate non foi capaz de asumir nin un só compromiso nesta materia, porque, señorías, o crédito na acción política e nas institucións virá da man de comportamentos e actitudes ben diferentes das que, día si, día tamén, estamos vendo na Xunta de Galiza.

Señor Núñez Feijóo, haberá credibilidade na política cando, se se detectan irregularidades nos procesos selectivos, se cesan os responsábeis, algo que nós propoñemos hoxe e que vostedes aínda non fixeron. Haberá credibilidade cando os medios públicos deixen de estar manipulados, e para que haxa cambios na Televisión non é necesario modificar ningunha lei, só fai

falta a vontade política da que parece vostede carecer. Haberá credibilidade na política cando o presidente da Xunta non ampare a tránsfugas en listas electorais ou cando se deixen de utilizar as institucións como terminais de partido e os recursos públicos para alimentar redes clientelares. E haberá credibilidade na política cando vexamos a un presidente da Xunta que di a verdade, que non mente, neste Parlamento. Onte vostede dixo aquí que a Lei de augas non supoñía implantar un canon para os pozos e as traídas particulares. Pero a súa proposta de resolución número 32 evidencia con claridade que vostede mentiu, porque iso é o que está recollido na lei.

Haberá credibilidade tamén cando o urbanismo deixe de ser noticia polos escándalos e a corrupción aos que vostedes lle están dando acubillo. Porque nun Estado de dereito un convenio como o de Barreiros é a consumación dunha fraude social, e nós non o avalamos no seu momento e hoxe instámoslo a que este convenio non siga adiante.

Gañe tamén credibilidade, cumpra a súa promesa electoral, o seu contrato cos galegos, e enfrente a principal preocupación que teñen hoxe os galegos e as galegas, que é o paro e a situación económica. Paro e economía son as preocupacións que hoxe traslada a este debate o BNG. A maior parte das nosas propostas de resolución teñen que ver con poñer solucións concretas aos problemas que hoxe ten Galiza, os galegos e as galegas, e ademais facémolo coa intención clara de poñer a economía ao servizo da sociedade e non a sociedade ao servizo da economía.

Describe moi ben José Luis Sampedro o que está acontecendo: actualmente en Europa, e fóra dela, os financeiros, culpábeis indiscutíbeis desta crise, xa salvaron o bache e proséguen a súa vida coma sempre, sen grandes perdas; en cambio, as súas vítimas non recuperaron o traballo nin o seu nivel de ingresos.

A evolución de Galiza é un bo exemplo disto. Hoxe lideramos a destrución de emprego no Estado, temos 245.000 persoas desempregadas, máis da metade son mulleres, e detrás destas cifras está un novo proceso de reconversión encuberto da nosa economía que ameaza con minar aínda máis a capacidade produtiva de Galiza, e nós sabemos que a única vía para saír desta crise é ter dereito a producir, a única vía real é que se nos respecte a capacidade para poder vivir do noso traballo.

Porén, o seu balance é 3.500 postos de traballo en perigo despois da aprobación do Decreto do carbón, 3.500 empregos destruídos no sector naval e 1.000 máis que están en perigo se non se toman decisións. Temos xa, coa súa política forestal, 5.000 empregos menos neste ámbito e o sector pesqueiro cunha crise que vai tamén supoñer a destrución de moitos postos de traballo. En Galiza estamos liderando o *ranking* de destrución de emprego no ámbito do traballo autónomo —máis de 5.000 baixas co seu Goberno— e a nosa mocidade segue soportando unhas taxas de desemprego que son absolutamente intolerábeis e que a condenan a emigrar; iso si, agora o que facemos en Galiza é formar unha emigración altamente cualificada.

É indiscutíbel que, neste devalar, nas consecuencias prácticas da crise en Galiza o papel da Xunta é relevante, e resaltamos o de que é indiscutíbel que a acción ou inacción da Xunta determina o agravamento das consecuencias da crise no noso país porque supoñemos que o actual presidente aceptará que lle apliquemos a el a mesma vara de medir que usaba cando estaba na oposición; e non hai tanto tempo, hai tres anos. No último debate que se produciu na pasada lexislatura do estado da nación, no ano 2008, o señor Feijóo dicíalle ao Goberno: este Goberno é responsable en boa medida da situación que hoxe vive Galicia. Nós cremos que un Goberno, traballando coordinadamente na mesma dirección, ten capacidade e conta con instrumentos para abordar con garantías o futuro de Galiza.

Dous anos despois, a metade da lexislatura esgotada, o que queda patente é a súa incapacidade, e oxalá a diagnose fose tan simple, oxalá isto fose un problema de coordinación, porque simplemente con cambiar a quen ten que coordinar o Goberno o asunto estaría zanzado. O problema é que hoxe temos un presidente sen pulso político, sen ideas e proxectos para sacar adiante o país, e como pano de fondo a concepción instrumental de Galiza que ten o Partido Popular: Galiza como medio, nunca como fin, e os resultados están á vista.

En todos e cada un dos asuntos claves do noso país, o presidente da Xunta só serviu para traernos conta dos fracasos. Iso si, na súa presentación nunca foi capaz de asumir nin unha soa responsabilidade, el nin unha soa vez foi capaz de recoñecer os seus erros, e estamos acostumados durante estes dous anos a unha cantilena autoexculpatoria que resulta xa tan cansina como insolvente.

Comprenderán que, despois de dous anos, seguir dicindo que a culpa é do bipartito non resulta moi críbel. E aínda que nós poidamos rexeitar moitas das medidas que se están adoptando desde o Goberno central, non é menos certo que, en todas e cada unha das medidas lesivas adoptadas contra Galiza, Partido Popular e Partido Socialista coincidiron.

Enfrontamos esta segunda parte do debate coa convicción de que ou se dá un xiro radical ás políticas que se están aplicando ou nos vindeiros anos o que imos ver é como se agudizan as consecuencias da crise no noso país, como se profunda na crise económica, política e social que hoxe sofren os galegos e as galegas. E para iso é imprescindible que o Goberno, empezando polo seu presidente, asuma dunha vez as súas responsabilidades, que abandonen o papel de oposición e que se poñan a traballar. Porque esta é unha cuestión clave neste momento: sen vontade de ser, sen vontade de que Galiza encare o seu futuro con garantías, é imposible que nada lle vaia ben a este país.

Nós presentamos 219 –aínda que só 218 propostas de resolución foron finalmente cualificadas pola Mesa–, que se sustentan en tres piares básicos. O primeiro, poñer a Xunta a traballar ao servizo de Galiza, porque cremos que é necesaria unha ofensiva institucional e política que evite a aplicación de recortes na nosa capacidade produtiva, que defenda o dereito de Galiza a xerar riqueza, emprego e a dispor de instrumentos financeiros propios. Un segundo pilar, que é o abandono da política de ataques aos dereitos sociais que vén aplicando o Partido Popular desde a Xunta de Galiza, apostando realmente polos servizos públicos e as políticas que xeren igualdade e xustiza social. E un terceiro aspecto, que é abordar con urxencia o incremento do noso autogoberno, apostando tamén por políticas que potencien os nosos sinais de identidade, como son a lingua e a cultura.

Señorías, para o Bloque Nacionalista Galego é clave que Galiza poida dispor dun instrumento financeiro propio como é a caixa. E lamentamos a traizón que se consumou o pasado 10 de marzo no Congreso dos Deputados, porque, efectivamente, o PSOE promoveu e votou a favor deste decreto lei que privatiza as caixas, pero o Partido Popular foi cómplice deste desfalco. Foi cando aplicou e cando pactou unha modificación da LORCA que abriu as portas á privatización das caixas, mais tamén foi cómplice coa súa abstención a este decreto-lei. Porque todos e todas os que estamos senta-

dos neste Parlamento sabemos que, se o Partido Popular se opuxera a ese decreto, non tería chegado ao Congreso dos Deputados, sabémolo perfectamente.

Señorías, nós no BNG fomos coherentes en todo este proceso: tendemos a man, trouxemos unha lei para democratizar as caixas, para reforzar a súa tutela pública, favorecemos a fusión e votamos en contra de todas as normas que querían impedir que Galiza teña unha caixa propia. E temos que dicir que fallou tamén o presidente da Xunta de Galiza, porque foi incapaz de deseñar ningún tipo de estratexia que permitise o mantemento da caixa e porque foi incapaz de que o Partido Popular puxese a nivel de Estado a caixa galega como unha prioridade. Ese é o seu fracaso, ese é o seu retrato.

E vemos tamén claro neste momento que na Xunta de Galiza hai falta de convicción á hora de defender a caixa, porque aínda non interpuxeron un recurso de inconstitucionalidade contra un decreto que claramente está invadindo as nosas competencias. Por iso hoxe o BNG quere que este Parlamento reafirme o dereito de Galiza a ter unha caixa, a vixencia do actual modelo de caixas de aforro con instrumentos, con vinculación territorial, con vocación social e con tutela pública, e que defendamos as nosas competencias interpoñendo sen demoras o recurso de inconstitucionalidade contra este último decreto. Só nesa dirección vai atopar ao Bloque Nacionalista Galego.

Como tamén cremos, señorías, que é urxente que o Goberno saia da súa pasividade en relación cos ataques á nosa base produtiva. Estanse aplicando políticas que arruinan literalmente os nosos sectores estratéxicos, mentres no Goberno só vemos pasividade e decisións erradas. Urxímolos nas nosas iniciativas a que asuman as súas responsabilidades, porque fronte á resignación que están demostrando hai moito campo de actuación.

Poderían estar vostedes constituíndo unha organización de produtores de leite a nivel galego e poñendo en marcha o funcionamento dunha interprofesional láctea. Poderían vostedes estar apostando realmente polos contratos homologados e por indexar prezos. Poderían vostedes estar retomando iniciativas que levan paralizándo durante dous anos, como o Banco de Terras. Ou poderían –porque xa se fixo no pasado– evitar que o leite se utilice nas grandes superficies comerciais como reclamo, vendéndose por debaixo do prezo de

produción e afogando os prezos que se pagan en Galiza. *(Aplausos.)*

Como tampouco, señorías, hai nada que impida que o Goberno elabore unha estratexia para revisar as inxustas capturas impostas pola Unión Europea para a nosa frota. Pode ser, señoría, que non se consiga, pero é que vostedes nin tan sequera o están intentando. Ou o mesmo poderíamos dicir en relación co importante debate que ten que ver coa necesidade de revisar a política común de pesca, onde é necesario unha estratexia para defender os intereses de Galiza, para reformular unha estrutura que limita a nosa capacidade produtiva, e que vostedes se marquen dunha vez o obxectivo de conseguir o status para Galiza de zona altamente dependente da pesca.

Son tamén vostedes conscientes da relevancia que vai ter, e do impacto negativo que vai ter, o Decreto do carbón. Se realmente non o aceptaran, estarían vostedes dando unha batalla política por conseguir a súa revisión defendendo, como propoñemos desde o BNG, que a redución da produción se aplique a todas as tecnoloxías de xeración e non só ás centrais térmicas alimentadas por carbón de importación e ás centrais de ciclo combinado.

Tamén cremos que a Xunta de Galiza debe xogar un papel ben diferente en relación co noso sector naval. É urxente o establecemento neste semestre xa dunha liña especial de avais para que o sector naval teña viabilidade económica, para que as empresas teñan viabilidade económica. Hoxe mesmo liamos algunha noticia na que dicían que todo este proceso vai demasiado lento. Crems que a Xunta de Galiza ten que traballar para que se eviten os despedimentos de traballadores e traballadoras, que hai que potenciar realmente o centro de reparacións da ría de Vigo, que é urxente que se aposte neste sector polas potencialidades que abre o I+D+i ou que realmente se potencie o centro tecnolóxico do naval galego. E neste terreo está claro que, se o Goberno non se molla, non vai ser posible que se levante o veto aos nosos estaleiros de Fene. E ata o momento non lle vimos, señor Feijóo, ningunha iniciativa neste terreo.

Desde o BNG, a estas alturas, xa non temos moi claro se vostedes son realmente conscientes de cal é a gravidade da situación que está atravesando o noso país e tamén da responsabilidade que ten este Goberno. Porque, en función de

como se encare un momento tan crítico como o actual, imos ver cales son as posibilidades de futuro do noso país.

Onte o presidente veu á Cámara e viña ofertando diálogos e pactos; sen embargo, nós cremos que chega a este debate con pouca credibilidade. Xa vimos en que quedaron os grandes pactos do debate do ano pasado. ¿Onde está o Plan de revitalización demográfica? ¿Onde están os grandes acordos neste Parlamento contra a crise? ¿Onde están os acordos polo territorio? Porque supoñemos que vostedes entenderán que non acreditamos demasiado nas súas ofertas despois de que aprobaran unilateralmente as Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral sen consenso de ningún tipo, e, é máis, impondo unha tramitación neste Parlamento que impediu que realmente se puidese dar un debate que propiciase ese pacto. Empecen, en todo caso, por apoiar a revisión que nós lles propoñemos nas nosas propostas, tanto das Directrices de ordenación do territorio como do Plan de ordenación do litoral, como xesto simple para que as súas intencións de buscar acordos teñan cando menos a aparencia de ser sinceras. E tamén os cominamos nas nosas propostas de resolución a que enfronten dunha vez o problema do paro, con rigor e seriedade. Porque, señorías, señor Feijóo, non é serio que se diga que o concurso eólico é o maior plan de industrialización da historia de Galiza, porque saben que é falso, que iso non é verdade. O seu concurso é a reiteración dun timo a este país, regalarlle o noso vento a Fenosa e ademais cun proceso cheo de irregularidades que nós tamén demandamos que se revise.

Cremos tamén que nunha estratexia de futuro —e nisto en teoría hai consenso— o I+D+i xoga un papel fundamental. Non obstante, a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza supuxo reducir drasticamente estes fondos. Crems, señoría, que o que hai que facer é incrementar os fondos que se dedican a I+D+i, que hai que retomar, como xesto de que vostedes tamén se preocupan porque non se dea unha nova fuga de cerebros neste país, as convocatorias para investigadores e investigadoras nas universidades. Como tamén cremos que, se realmente están preocupados polos problemas de acceso que teñen as pequenas e medianas empresas do noso país ao crédito, urxe que se reformulen os instrumentos que neste momento ten a Xunta de Galiza. Nós apostamos por aglutinalos todos nun Instituto Galego de Desenvolvemento que realmente non só favoreza o acceso ao crédito, senón que tamén promova realmente políticas no ámbito da industrialización.

Señorías, pensamos que coas cifras de paro que ten este país, coa evolución que veu seguindo o desemprego desde que vostedes chegaron á Xunta de Galiza, as actuais políticas activas de emprego non teñen sentido ningún, non cumpren ningunha función real, porque non son capaces de frear o desemprego que hai no noso país. E ademais pensamos que nesa reformulación hai dous segmentos que son os que teñen que ser realmente prioritarios nas políticas da Xunta, porque son quen están padecendo en maior medida o desemprego, como son as mulleres e a mocidade. Nós propoñemos que neste semestre se aborde a elaboración dun Plan de emprego xuvenil –que, por certo, o Partido Popular levaba no seu programa electoral– e tamén dun Plan de emprego feminino –que non sei se o levaban no seu programa electoral–, ao que están obrigados por lei, porque cremos, señorías, que non é tolerábel que as mulleres sexan máis da metade das desempregadas deste país. E non é tolerábel nin permitíbel que a emigración volva ser hoxe a única saída laboral para milleiros de mozos e mozas do noso país que querían estar traballando en Galiza e que aquí se lles están negando as súas oportunidades.

Somos tamén conscientes de que a crise ten reducido o nivel de recursos que teñen as administracións, mais temos que dicirlles que non partillamos as decisións que neste terreo se veñen adoptando, e esas son: recortar a capacidade da Administración pública de intervir na economía e aplicar recortes no ámbito social. Vemos como a austeridade é un *slogan* falaz que só serve para afondar na crise e para recortar dereitos. E a disciplina orzamentaria é a renuncia expresa a utilizar o autogoberno para enfrontar as consecuencias da crise no noso país.

Señorías, o recorte do investimento público, como está demostrado, só serve para limitar a recuperación da economía, e ademais estase convertendo na súa escusa perfecta á hora de dismantelar as políticas sociais. Nós non podemos compartir esta filosofía nin as propostas que onte formulaba o presidente da Xunta. Porque o que vemos, señorías, é que vostedes invisten moito en propaganda, pero a realidade dos seus orzamentos é que o gasto corrente ten incrementado o seu peso mentres o investimento produtivo decrece. É, señorías, indecente que lles apliquen recortes ás axudas ás vítimas de violencia de xénero, que se recorten os libros de texto, que se recorten outro tipo de axudas sociais, mentres o seu Goberno gasta cantidades multimillonarias en campañas publicitarias

que non teñen absolutamente ningún sentido. Por iso nós hoxe propoñemos un plan de reordenación do gasto corrente improdutivo, pero un plan real, non un plan virtual como os que vostedes veñen deseñando. Un plan que elimine todos os gastos de propaganda da Xunta de Galiza, excepto a información institucional e á que está obrigada por lei; que eliminen as delegacións territoriais, que só serven para alimentar esa rede e esa utilización partidista da Xunta de Galiza e que non teñen ningunha función; que reduzan –como prometía o señor Feijóo no ano 2008– o 50 % de todos os gastos de gabinete; que establezan tamén xa –porque non hai por que esperar– unha estrutura salarial na administración paralela que fixe como límite o soldo do presidente. E nesta mesma liña tamén hoxe lles ofrecemos un acordo á hora de eliminar administracións inútiles, e é camiñar cara á superación das deputacións provinciais, que non cumpren ningunha función e que poderían supoñer un aforro de 400 millóns de euros.

Desde o Bloque Nacionalista Galego tamén vimos afirmando que o sistema de financiamento é inxusto. Nós non cremos que este sexa o sistema de financiamento que precisa o noso país; non obstante, este é o sistema que vostedes negociaron. E cremos, señor presidente, que, se realmente hai base para reclamar eses 800 millóns de euros dos que nos leva falando durante tanto tempo, o que hai que facer nun Estado de dereito é reclamalos pola vía xudicial. Porque estamos ante algo que vostedes están defendendo, que está recollido por lei, aínda que non sexan capaces de traer as cifras reais e demostrar que realmente iso era o que estaba pactado. Pero, en todo caso, se vostedes teñen o convencemento de que iso é o que está recollido no sistema de financiamento, nun Estado de dereito hai que reclamálo. Leva amagando en varias ocasións con ir aos tribunais, pero ata o momento aínda non o fixo. Se vai nesa dirección, señor presidente, vai ter o noso apoio.

Pero, con todo, vostede debería de saber –e debería de asumir o conxunto do seu Goberno– que o problema non é ese, que o problema de fondo é que este sistema de financiamento é un mal negocio para Galiza, e que, polo tanto, o que hai que facer é crear unha Comisión neste Parlamento que avance con rigorosidade na superación dun sistema que efectivamente é inxusto. Pero nós dixémolo sempre e quen o acordaron e quen o pactaron foron vostedes.

Vemos tamén, dentro do segundo bloque de propostas, que nós nestes dous anos estamos considerando que é moi nega-

tiva a evolución e as políticas que vostedes están aplicando no terreo da política social. Vemos como están atacando dereitos básicos, como hai involucións para os dereitos das mulleres e como levan adiante unha estratexia privatizadora da sanidade e dos servizos sociais que o único que trae como consecuencia é unha deterioración da atención cidadá.

Na sanidade medran as listas de espera, mentres vostedes apostan por privatizar novos hospitais e mesmo os centros de saúde, importando un modelo que fracasou, un modelo que nos vai saír máis caro —entre tres e sete veces máis caro no caso do hospital de Vigo— e que ademais vai hipotecar as contas públicas durante trinta anos. Isto, señor Núñez Feijóo, chámase gastar o que un non ten e pagar máis polo mesmo.

Nós, señorías, cremos que este non é o modelo, que hai que apostar polo público, que se debe de abandonar este modelo PFI e que, en todo caso, o que hai que facer no caso dos hospitais é volver ao plan funcional de Montecelo, volver ao acordo que había co concello. E, en todo caso, no de Vigo o que non é tolerábel é que este hospital non sexa de referencia para a totalidade da área sanitaria sur de Galiza. Non se poden acometer reducións do número de camas que vai ter e, en todo caso, debe de concentrar e centralizar todos os recursos que actualmente están dispersos nesta área sanitaria.

E en relación coas listas de espera, que, a pesar do que vostedes digan, seguen medrando desde que vostedes chegaron, cremos que hai que acometer realmente un plan de redución, pero con recursos públicos, non utilizando subterfuxios para seguir derivando á privada. E de paso tamén nas listas de espera parécenos que sería oportuno, señorías, que vostedes transparentaran as listas de esperas e que dean todos os datos da lista de espera, da estrutural e da non estrutural.

Nos servizos públicos, ¿que temos desde que están vostedes? Hai 20 centros de día pechados; nin unha soa nova infraestrutura que este Goberno fora capaz de licitar e de executar; e, na dependencia, as peores cifras de todo o Estado. E a súa única oferta neste terreo é unha Lei de familia que o propio Consello Económico e Social cualifica como baleira de contido e regresiva para os dereitos das mulleres.

Nós instámoslos tamén aquí a que abandonen a política de privatización, a que atendan antes de final de ano todas as per-

soas dependentes que, tendo xa asignada unha prestación, non a estean a recibir de forma efectiva, e a que apoién ás familias con políticas reais e non con ideoloxía conservadora. Restablezan as axudas de apoio ás familias con menores incrementando ata 5 millóns de euros, que era a dotación que tiñan con anterioridade, e eliminando a exclusión daquelas que, cumprindo os requisitos de renda, vostedes queren deixar fóra.

Tamén os instamos a que realmente promovan medidas de promoción do acollemento familiar, incrementando até nun millón de euros a dotación prevista nos orzamentos co obxectivo de eliminar antes de 2013 a institucionalización de nenos e nenas menores. Ou que dean cumprimento á obriga legal de reformular a regulación da Risga, que está nunha lei que vostedes teñen que incrementar a súa contía e o número dos seus beneficiarios, e non o están facendo nun momento como o actual.

E aposten realmente polo ensino público e as universidades, dotándoas dos fondos que se necesitan para que as nosas universidades poidan competir neste momento e para que o ensino público se reforce e non se degrade, como están facendo na actualidade.

E, finalmente, tamén os queremos convidar a que deixen de situar no punto de mira as políticas de igualdade. Non lles imos pedir un esforzo extra neste terreo porque sabemos que lles custa. Pero, en todo caso, o único que lles pedimos nas nosas propostas de resolución é que cumpran o que din as leis, as leis contra a violencia de xénero, a Lei de igualdade. E tamén encarecidamente que revisen unha medida tan inxusta nun momento como o actual como é recortar o número de mulleres vítimas de violencia de xénero que van poder acollerse ás axudas, que as recortan na última orde que vostedes fixeron.

Cremos, señorías, que é máis necesario que nunca neste momento encarar a reforma do noso autogoberno. Necesitamos un novo marco xurídico e político para encarrear de xeito positivo os problemas que temos como país. Pero aquí non sabemos con que versión quedarnos do señor Feijóo, porque en dous anos xa escoitamos de todo: proclámase a favor dun novo Estatuto, declaracións de que isto non era prioritario e mesmo anuncios de que en setembro se ían convocar as forzas políticas para abordar este tema. Pero nin unha destas cousas chegou nunca a materializarse.

Sinceramente pensamos que, por moita profesión de fe galeguista e proautonomista que faga neste debate, os feitos non o acompañan. Xa o demostrou na pasada lexislatura: unha directriz de Xénova pesou máis que a defensa de Galiza e a aposta por un novo Estatuto.

Nós defendemos hoxe abordar este tema con seriedade e con rigorosidade, sen corsés e co obxectivo de dar resposta ás necesidades que ten o noso país. Propoñemos que o debate se inicie onde se debe iniciar, no Parlamento, porque cremos que unha norma deste tipo non debe nacer na Cámara nin nun texto de parte.

Quixera, para rematar, simplemente dicirlle que é moi rechamante —e que debe ser a primeira vez que pasa nun debate destas características— que o presidente non faga ningunha mención a cal é o estado da situación da lingua galega no noso país. Mais tamén é certo que vostede ten a triste medalla de ser o presidente que iniciou un ataque directo á lingua galega, vulnerando a legalidade vixente e incumprindo o que lle marca o Estatuto.

Nas nosas propostas invitámolo a volver ao consenso que vostede rachou, o consenso do Plan de normalización lingüística, e a retirar todas as medidas agresivas...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... contra a nosa lingua.

Remato, señor presidente, cunha frase de Otero Pedrayo: “En galego temos que pensar e sentir se queremos ser considerados no mundo e non ser tidos por humildes imitadores que copian por non crer na forza propia”.

Nós, señorías, pensamos e sentimos en galego e temos a convicción de que só poderemos avanzar confiando nas potencialidades e nas capacidades de Galiza. Dóenos ver como se está estragando o futuro deste país, dóenos ver a indolencia ante os temas clave que atravesan...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

A señora PONTÓN MONDELO:... hoxe a actualidade.

Fagan útil este debate e, á vista de que non teñen alternativas, acepten as nosas propostas, porque os pactos e os acor-

dos non se fraguan con declaracións virtuais nin baleiras de contido, senón con propostas e accións que lle dean credibilidade.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Continúa hoxe o debate do estado da Autonomía. Onte puidemos constatar as dificultades que están a sufrir os cidadáns galegos e a falta de resposta do Goberno do señor Feijóo.

Asistimos a unha intervención do presidente que oscilou entre aquel mundo feliz de Aldous Huxley onde o importante non eran as necesidades dos cidadáns senón o control sobre os mesmos; a eterna loita entre ficción e realidade.

Podemos velo tamén dende a recreación do mito da caverna platónica —platónica, non falaba da caverna política—. Un Goberno que deformaba a realidade, que a proxectaba en sombras sobre aquela imaxe que quería contarlles aos seus cidadáns, pero que non tiña nada que ver co que estes vivían día a día fóra desa caverna.

A nosa vida non mellorou nada. En Galicia non se actúa e non se toman decisións. E é verdade que se collemos unha calculadora e sumamos o discurso do señor presidente de onte, aparecen aproximadamente 12.000 millóns de euros e máis de 150.000 empregos. Non están en ningún lugar máis que nese discurso, non están na vida diaria dos galegos e das galegas; están soamente nese mito da caverna do Partido Popular.

Derrotismo e incapacidade, iso si, con competencias. Con competencias e con dous orzamentos, o do ano 2010 e o do ano 2011, aprobados por este Goberno.

E, señor Feijóo, non se pode enganar a todo o mundo todo o tempo, non é posible. Nin sequera os máis avisados comunicólogos, politólogos, os máis listos da clase, son capaces de enganarnos a todos todo o tempo.

Vostede, antes das eleccións do ano 2009, asinou, cal Moisés coas táboas da lei, no Obradoiro un contrato de 14 puntos. Vostede dixo: un compromiso político, persoal e moral. Palabras grandilocuentes, palabras que deberían de significar de verdade a necesidade de que vostede dese contas. E eu vou fiar o meu discurso a eses 14 puntos. Vou falar deles un por un. Vou diagnosticar cada un deles e vou plantexar as alternativas que os socialistas galegos damos a cada un deles.

O primeiro –seguro que o recordan– era o do emprego, e temos unha realidade ben coñecida: 75.000 ocupados menos e 45.000 parados máis. Temos 250.000 persoas inscritas nos rexistros de demandantes de emprego. Temos menos dun millón de persoas afiliadas á Seguridade Social.

Señor Feijóo, destruíronse máis de 100 empregos diarios desde que vostede goberna e 60 persoas engrosaron as listas do paro. E os datos evolucionan peor do que sucede para o conxunto de España, por moito que vostede veña aquí e os torture de maneira absolutamente obscena. Pero era previsible que empeoraran os datos, señor Feijóo, porque ningún dos plans previstos enunciados polo seu Goberno se puxeron en marcha. E xa non falemos das medidas de carácter proactivo de reactivación económica. A licitación situouse por debaixo do 50% do previsto. Da execución orzamentaria mellor non falar; no ano 2009 deixaron sen executar máis de 1.200 millóns de euros.

Evidentemente, vostede pretende ser un mago, pero non o é. Non se pode crear emprego da nada, non se pode crear emprego da nada. E nós aquí si que temos propostas. Plantexamos un plan urxente de reactivación económica e emprego que permita manter o diferencial positivo da taxa de desemprego galega cinco puntos por debaixo da media nacional. Plantexamos un plan de emprego xuvenil e un plan de emprego feminino. É imprescindible actuar a favor do autoemprego e dos autónomos, onde se están perdendo empregos a chorros, señor Feijóo. É imprescindible reactivar os pactos territoriais do emprego que vinculan o territorio coas condicións específicas dos mercados laborais. É funda-

mental reforzar o sistema público de emprego e suprimir a cláusula S-698. E plantexamos que se faga unha modificación de crédito que permita recuperar a contía para as políticas de emprego do ano 2009, e que a licitación de obra pública se sitúe nos 1.100 millóns de euros, que, por certo, está incluída a rebaixa do orzamento xeral da Xunta de Galicia para o ano 2011 nesa cifra. E, por suposto tamén, mellorar a execución orzamentaria.

O segundo punto era a estratexia económica. Era o Plan estratéxico Galicia 2010-2014: horizonte 2020, morto antes de nacer, non recoñecido xa nos orzamentos do ano 2011 en termos cuantitativos. Plantexaban pasar do 90 ao 95% do PIB da Unión Europea, e no ano 2010 baixamos 1,6 puntos. Xa non teñen que medrar 5, teñen que medrar 6,6 puntos, e só lle quedan catro anos, señor Feijóo. Pero mire, non o dicimos nós, dío o Banco... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, ata o ano 2014, bueno, en fin, tres. (*Murmurios.*) Non o dicimos nós, dío o BBVA: no último lugar en canto a crecemento das comunidades autónomas de España. E, por certo, o señor Francisco González, de Chantada, moi pouco próximo aos socialistas, como seguro que vostede sabe.

Este Goberno é un goberno, en termos de fomento da actividade económica, apaga lumes, un goberno que vai alí onde hai problemas a facerse a foto, pero que non leva solucións obxectivas. E, de feito, temos un auténtico drama neste país: 40.000 ocupados menos do sector industrial, que é o corazón económico de calquera sociedade desenvolvida; 40.000 ocupados menos. Desaparición de case 5.000 empresas. ¿Que responden a isto? Índice de produción industrial do último ano: en España aumenta pouco, é verdade, un 0,5 %; pero en Galicia baixa un 9,4 %; dez puntos de diferenza.

Eu creo que alguén tería que dicir algo, máis alá dos plans industriais do sector eólico, eses dos 6.000 millóns de euros, de 14.000 empregos. No caso do Igape, unha redución de fondos do 30%, iso si, excepto nos postos directivos, onde imos bastante ben. (*Aplausos.*)

No caso de I+D, falaremos máis adiante, pero, por certo, en termos de reactivación económica nin unha soa política de oferta en dous anos, ningunha, absolutamente ningunha, máis alá de powerpoints, e nós temos propostas aí e ademais están inventadas: un plan de política industrial, desas políticas de oferta que está desenvolvendo o Goberno de España.

Señor conselleiro, sería conveniente que mirara de vez en cando para o Ministerio de Industria para aprender algunhas das cousas que ten que facer. *(Aplausos.)* Si, si, para ese ministerio. Si, si, si, si... Vólvolle repetir o dato: índice de produción industrial: 0,5; -9,4 en Galicia. Señor conselleiro, mire para o Ministerio de Industria e déixese de estar na extrema dereita confrontando co Goberno de España. *(Aplausos.)*

Un plan de internacionalización das empresas galegas feito polo ámbito público, non pola Confederación de Empresarios de Galicia. Convenio co Ices, vaille saír moito máis barato e vai ser moito máis produtivo, excepto para a Confederación de Empresarios de Galicia.

Un plan de apoio aos sectores industriais maduros e un plan específico para empresas de base tecnolóxica. Por certo, hai escasas diferenzas no que son as convocatorias do Igape, porque están realmente feitas e están continuadas en momentos económicos radicalmente diferentes. E, por certo, apoios específicos para as micropemes comerciais, que teñen unha perda de emprego dramática, que teñen un efecto fundamental en termos de redistribución territorial e que están absolutamente esquecidas.

E outro tema que ten moito que ver coa liquidez das empresas, un compromiso efectivo —e digo efectivo, non mediático— de pago dun máximo de trinta días. Efectivo, que o señor que negocia e que lle vende algo á Administración galega reciba en trinta días o importe desa factura, non que reciba un powerpoint ou unha carta do conselleiro ou conselleira de turno dicindo que o vai cobrar. *(Aplausos.)*

Austeridade: punto terceiro. Un incremento xeral do gasto de funcionamento da Xunta, do gasto corrente; por certo, en automóbiles, adquisición de máis de 500 vehículos, algúns de alta gama. Os altos cargos, a supresión dos delegados provinciais, convertidos en xefes territoriais, que son concelleiros e cargos políticos do Partido Popular, *(Aplausos.)* a maior parte deles estiveron aquí ou están nos concellos de Galicia, cónteno ou non o contén. Por certo, 50 persoas de confianza no Gabinete do Presidente, 2,3 millóns de euros, non está mal.

Gastos de publicidade. Señora conselleira, recordo perfectamente o obsceno anuncio da súa consellaría cando ía come-

ter unha auténtica tropelía no hospital de Vigo falando da sanidade pública; o mesmo día, señora conselleira, o mesmo día. *(Aplausos.)*

E fronte a isto é imprescindible un plan de racionalización do sector público institucional: suprimir as cinco delegacións territoriais, reducir o gasto corrente do parque móbil, rematar a implantación da Administración electrónica e impulsar o uso do software libre... *(Murmurios.) (Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Silencio, por favor, silencio. Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Tamén un plan de publicidade e comunicación institucional que permita unha rebaixa dun 50% nese gasto. *(Murmurios.) (Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Silencio, por favor. Silencio, por favor.

Prosiga, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Prosigo.

O punto cuarto desas táboas da lei: menos impostos. Incumpríuse a promesa da redución na tarifa autonómica do IRPF, fixéronse puntuais modificacións en relación coa vivenda que non introducían ningún elemento discriminatorio en función de renda, pero, iso si, incrementáronse novas figuras impositivas, ou intentáronse incrementar, como as da auga, a nova taxa dos gandeiros para desinfección de vehículos de gando, novas taxas en actividades pesqueiras, múltiples reducións ou supresión en axudas tanto no tema de libros de texto como bolsas, etc. E, por certo, pola porta de atrás, que é unha porta moi utilizada: o copago. Isto é o tema dos impostos. *(Aplausos.)*

E tamén aquí temos propostas: o plan de loita contra a fraude fiscal. Nós, a diferenza do Partido Popular, pensamos que nun momento de crise é xusto cando hai que loitar contra a fraude fiscal; somos así de orixinais, que queren que lles diga. *(Risos.)*

E, por outra parte, a creación efectiva dunha Axencia Tributaria de Galicia, non un mero cambio nominal que agocha a nada. E un novo Proxecto de lei de augas no que efectiva-

mente as propostas de fiscalidade sexan racionais, equitativas e transparentes, e non sexan vergonzantes. Non queremos leis vergonzantes neste Parlamento, queremos leis que se promulguen e que se cumpran. *(Aplausos.)*

Queremos tamén a gratuidade universal dos libros de texto e a liberación paulatina das peaxes das autovías de competencia autonómica, que vostedes tan insistentemente piden para o Ministerio de Fomento; as mesmas esixencias para todos.

Punto quinto: sanidade. Arruinar o sistema público-sanitario é obxectivo claro deste Goberno; os socialistas crémolo e manifestámolo así. *(Aplausos.)* Un incremento xeneralizado das listas de espera. Máis de 14.000 galegos nunha lista non estrutural que non se publica, e que vostedes pediron sistematicamente na anterior lexislatura que se publicara. Máis de 50.000 pacientes esperando unha operación cirúrxica, 250.000 galegos esperando unha primeira consulta e 120.000 esperando unha proba diagnóstica. E, iso si, o eslabón máis débil da cadea, parado: parado o Plan de atención primaria, o Plan de atención integral á muller, o Plan de saúde mental, o de coidados paliativos e o Plan de drogas. Coma sempre, a dereita atacando os fáciles. *(Aplausos.)* Coma sempre, señora conselleira, coma sempre.

No gasto farmacéutico temos os datos, máis alá das posturas políticas temos os datos, e os datos din que hai comunidades autónomas que reducen o gasto farmacéutico moito máis que Galicia sen confrontar co Goberno de España. Señora conselleira, cópieo; non é tan difícil, cópieo.

E a última cuestión, sanidade, ten bastante que ver coa ideoloxía coa que comezaba falando de sanidade: un novo modelo de financiamento privado para a construción do hospital de Vigo e de Pontevedra no que hai un consenso xeneralizado, experimental e académico, de que é máis ineficaz e máis caro. Iso si, moito máis rendible para as empresas concesionarias; ese é o obxectivo, señora conselleira. *(Aplausos.)*

Pedimos neste ámbito que se publiquen os datos da lista de espera non estrutural. Pedimos que se poñan de novo en marcha o Plan de mellora da atención primaria, o Plan de atención integral á muller, o Plan de saúde mental e o Plan galego de coidados paliativos, os plans que necesita a xente á que lle vai mal, señora conselleira, e non quere nin carida-

de nin sopa boba dos conventos, quere dereitos, quere dereitos. *(Aplausos.)*

Pedimos tamén que se estableza a prescrición por principio activo –insisto que é fácil copialo, está en vigor nalgunhas comunidades autónomas– e que a construción e a xestión dos grandes hospitais pendentes sexa absolutamente pública, porque as empresas non poden facer negocio a cargo da sanidade dos cidadáns de Galicia. *(Aplausos.)*

Punto seis: Lei de dependencia. Galicia, á cola de España en termos estatísticos. Recórtanse case 4 millóns de euros dos orzamentos galegos, mentres hai un aumento de 12 millóns de euros dos presupostos do Estado. Existen máis de 40.000 persoas en listas de espera, e a presión sobre os concellos para que presten eses servizos é absolutamente brutal, porque realmente son os que están máis cerca dos cidadáns e son os que se ven obrigados nun momento de crise a facer aquilo que vostedes non están facendo. Iso si, de maneira electoral, vostedes manteñen algunhas infraestruturas sociais pechadas, e iso é unha indignidade absoluta, ¡absoluta! *(Aplausos.)*

Pedimos que se axilicen as xestións para cumprir as resolucións da Lei de dependencia. Pedimos que aos servizos sociais dos concellos galegos se lles financien equipos de prevención, información e atención á dependencia, que é absolutamente fundamental. Pedimos que as infraestruturas sociais que están rematadas –algo tan sinxelo como iso, é que non pedimos nada extraordinario– se abran, e pedimos algunha outra cousa tamén: pedimos que nun momento de crise como a actual, en que hai 60.000 familias que non reciben ningún ingreso en Galicia, os centros de inclusión social das cidades se abran, señora conselleira *(Aplausos.)* e señor presidente. E pedimos que as casas de acollida dos enfermos de VIH se manteñan abertas, porque é unha cuestión de dignidade e de dereitos, de dereitos tamén. *(Aplausos.)*

Punto sétimo: opcións de conciliación. Aquí, literalmente cero, non podíamos esperar outra cousa, ¿verdade? En fin, esta era unha das leis da táboa que estaba un pouco perturbada. As escolas infantís de 0 a 3 anos seguen tamén esa estratexia de conxelación. Non existe un plan de emprego feminino, e o que é certo en termos cuantitativos é que o paro feminino aumentou en 20.000 persoas e as mulleres ocupadas diminuíron en 30.000. Suprívese o Servizo Gale-

go de Igualdade e as oficinas de igualdade e benestar. Iso si, fálasa da RedMadre e dunha nova lei sobre a familia que circula por aí (*Aplausos.*) que dá medo.

Ademais, onte estiven moi atento á énfase que puxo o señor presidente falando de todos os tipos de familias, non sei se incluía as que teñen recorridas no Constitucional, non sei se as incluía. (*Aplausos.*)

E nós aquí temos unha idea moi clara: impulsar as medidas de acción positiva que estaban nunha lei da que estamos orgullosos, a Lei 2/2007, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, a necesidade da transversalidade de xénero nas familias, un plan de emprego feminino e servizos sociais, e iso é o Plan de revitalización demográfica, iso, o los hijos que Dios mande. Nós preferimos servizos sociais e traballo para as mulleres. (*Aplausos.*)

Punto oito: xuventude. Hai 54.000 xóvenes en paro. Esa famosa xeración *nini*, absolutamente olvidada por todos vostedes. É verdade que nin estudan nin traballan, lamentablemente, pero a Xunta de Galicia non lles ofrece ningunha alternativa, ese é o problema. Logo temos tamén a Lei de prevención do consumo de alcohol dos menores de idade, que neste momento, en fin, case non vou falar, falo só da parte represiva, o enfoque represivo que tiña. E vou falar tamén do Noitebús, da supresión do Noitebús, e vou falar —xa que fan falta notarios da historia— do día 11 de febreiro deste ano, en que o presidente dixo: ¿para que formar aos xóvenes se total van estar no paro? É toda unha declaración de intencións sobre as políticas da xuventude. (*Aplausos.*)

Nós aquí tamén temos alternativas: un plan integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras, o segundo Plan galego de formación profesional, un reforzo do sistema universitario de Galicia, un programa de vivendas de aluguer para xóvenes e de novo poñer en marcha o Noitebús.

Punto nove: equilibrio territorial. Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, desiguais, inxustos e cero en termos financeiros; é dicir, están o concello de Ourense e o concello de Lugo incluídos, e non está o de Dozón ou o de Toques, un rasgo de planificación absolutamente envidiable.

O Plan de infraestruturas de medio rural do ministerio, existe un absoluto boicoteo que vai supoñer que se deixen de

percibir 17 millóns de euros. Pero a verdade é que non ten que sorprendernos nada disto, porque o señor conselleiro de Medio Rural —que lamento que non estea, porque prefería que estivese— o primeiro día nas primeiras declaracións que fixo dixo que esto del medio rural tenía que solucionarlo el mercado. Bueno, pois, efectivamente, tiña que solucionalo o mercado e entón probablemente a inercia natural levaría a unha reserva sioux. E aí quedaríamos, e efectivamente, en termos de xestión, vemos os continuos problemas que xorden; lamentablemente, aí estamos.

Nós aquí tamén temos propostas: Plan de revitalización demográfica, sen dúbida, señor presidente, sen dúbida. Plan de revitalización demográfica —díxeno antes—, emprego feminino e servizos sociais. É imprescindible racionalizar tanto os plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense como o Plan Ferrol e o Plan da Costa da Morte. É fundamental unha nova Lei do solo que ten que saír dunha Ponencia parlamentaria conxunta. É fundamental impulsar o Pacto local, cun fondo mínimo de 100 millóns de euros. É fundamental apoiar as experiencias de carácter supramunicipal e é fundamental apoiar a mobilidade dos cidadáns. E aquí, por certo, vostedes prometeron —que por certo o pedían cando estaban na oposición— o ente xestor dos ferrocarrís de Galicia, o transporte metropolitano de Galicia, iniciativas de fomento de transporte público, estacións intermodais. Todo iso, xunto coa actividade económica, é fundamental para o reequilibrio territorial. Polo tanto, nesa liña van as nosas propostas.

Punto décimo: medio ambiente. Unha consellaría que é xuíz e parte, unha consellaría que fai os informes das obras que realiza, cando menos é sorprendente. Pero hai unha liña de actuación fundamental: máis incineradoras e máis vertedoiros; e, por certo, unha nova planta incineradora no sur de Galicia, tamén pola porta de atrás, sen concurso público, vinculada ao concurso eólico e creo que en Dozón. (*Aplausos.*)

Paralizouse o Plan galego de acción fronte ao cambio climático; iso si, pretenden outorgar a macro piscifactoría de Touriñán. Non hai ningún novo espazo protexido desde que vostedes gobernan: non hai ningunha nova —e repito, nova— infraestrutura de saneamento. Rebaixaron en 84 millóns de euros os orzamentos das políticas ambientais; o señor Feijóo dixo que ía sanear todas as rías galegas no ano 2015. Pero ademais, e o máis grave, o máis grave é o desmantelamento

nas competencias e nos recursos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, eliminando as posibilidades de inspección e control, diminuindo a protección do territorio, legalizando situacións intolerables –a finca do conde, señor López-Chaves– e eliminando cautelas. Podemos facer unha liña recta norte-sur, Barreiros-Tui, aí temos o debuxo do urbanismo do Partido Popular e deste Goberno. *(Aplausos.)*

Nós aquí pedimos aprobar un novo documento relativo ao Plan de residuos que rexeite a construción desa segunda Sogama do sur de Galicia; ampliar os espazos protexidos da Rede Natura ata o 18% do territorio e aprobar o Plan director da conservación da Rede Natura 2000. E algo moi importante tamén en termos de reequilibrio territorial: seguir cos programas de Emprego Natura e de Parques para vivir, porque é fundamental que a poboación se sinta vinculada, en termos de residencia e en termos de produción, ao que son as zonas protexidas.

Punto once: innovación. Aquí case mellor non dicir nada. Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación, tarde, mal e a rastro. Hai 3.000 novos investigadores que teñen dúbida sobre o futuro das súas carreiras; o ano 2010 absolutamente perdido en termos de incorporación de novo capital humano ás carreiras investigadoras. O sectarismo sobre a herdanza recibida: o desmantelamento da Fundación Galega da Sociedade do Coñecemento, que tiña unha liña de actuación que nós, en termos de innovación, considerabamos importante. Pero a verdade é que os orzamentos permiten definir as prioridades. O Plan galego de I+D+i viu reducida a súa contía orzamentaria nos dous anos nun 40%, eu creo que é a síntese da importancia que lle dá este Goberno ao I+D+i.

Pero, fíxense ata onde chega o desbaraxuste, que o peso do I+D+i no PIB, a pesar do descenso do PIB no ano 2009, baixou do 1,04% no ano 2008 ao 0,96% no ano 2009, é dicir, perdemos unha décima, cando o PIB no ano 2009 baixou de forma notable, ou sexa, que o descenso bruto do I+D podemos imaxinalo. E, por certo, en termos de innovación tecnolóxica nas empresas, descendeu en Galicia respecto ao ano anterior un 30%, mentres que en España o fixo un 11%. Está ben.

En innovación, as nosas propostas: un plan de consolidación de emprego das unidades de I+D coa avaliación que se con-

sidere axeitada; un novo plan de apoio ás empresas de base tecnolóxica; convenir, señor conselleiro, co Ministerio de Ciencia e Innovación a participación na Estratexia estatal de innovación. E unha cousa moi importante, darlle un maior peso na concesión das subvencións tanto á incorporación de tecnoloxía e ao potencial de transferencias tecnolóxicas como á incorporación de tecnólogos e investigadores. Darlle máis importancia, porque aí está a estratexia fundamental do incremento da dotación do capital humano.

Punto doce: reforma da Administración. A verdade é que non se observan melloras obxectivas, a pesar das contías importantes que polo menos o señor Rueda nos di que dedica ás melloras na Administración autonómica. E o que si é obxectivable –aínda que non é cuantitativo– é o maior grao de partidismo e a falla de transparencia na utilización da Administración por parte do secretario xeral do Partido Popular.

Un goberno líder en anomalías, filtracións e irregularidades en exames e en oposicións, saltando a igualdade de todos os galegos ante o acceso á función pública literalmente polos aires, *(Aplausos.)* con máis de 400 persoas esperando para tomar posesión das súas prazas. Todos nós temos un salario, un salario bastante bo, pero hai xente que está pagando unha hipoteca e que leva máis dun ano esperando por unha praza que ganou nunha oposición. *(Aplausos.)* Algo terán que dicir a iso.

E, por certo, un abuso crecente dos procesos negociados sen publicidade. No ano 2010 superaron só os 160 millóns de euros, moito negocian sen publicidade vostedes.

As nosas propostas en relación con esta reforma da Administración: un plan de redución dos gastos correntes; un plan de eficiencia enerxética nos edificios administrativos, cunha redución do 30%; un plan de publicidade e comunicación institucional que rebaixe un 50% os gastos nesta partida; o impulso ao pacto local; transformar o Igape nun verdadeiro instituto de finanzas e promoción económica, e revisar os criterios de asignación dos proxectos e obras da Sociedade Pública de Investimentos.

Punto trece: identidade e liberdade. Un desmantelamento programado da protección á lingua galega como non se produciu nunca na historia desta autonomía. *(Aplausos.)*

¡Nunca! Contra a opinión de practicamente todas as institucións relacionadas coa lingua: a Real Academia, as universidades, o Consello da Cultura, dúas grandes manifestacións en Compostela, unha importante folga no ensino. Pois, fronte a isto, seguiron adiante con enquisas, con medias verdades, en fin, cun obxectivo político claro que procede das directrices da extrema dereita española, sen ningunha dúbida. A modificación da Lei da función pública, sacando a obriga de que os funcionarios coñezan o galego. Salvando as distancias –estou seguro de que a miña compañeira, profesora de Historia Moderna, vaimo permitir–, xa o fixeron os Reis Católicos a finais do século XV, obrigando os escribanos a escribir en castelán. *(Aplausos.)* Xa o fixeron aí.

E, por último, a reforma do Estatuto de autonomía. Estamos esperando, señor presidente, dixo vostede que ía ser no mes de xaneiro. Vostede siga reclamando ante o Goberno central cunha política de confrontación feroz. Reforme o Estatuto, que seguro que algo nos axuda. Fronte a isto, nós: unha ponencia conxunta para abordar a reforma do Estatuto de autonomía de Galicia; que a Xunta apoie unha Comisión especial non permanente para desenvolver e revitalizar o Plan xeral de normalización da lingua galega e reformular o Decreto para o plurilingüismo.

E, por último, o punto catorce, que é sen dúbida a traca final do que é a práctica política do Partido Popular no Goberno da Xunta: rexeneración democrática. Nunca vimos unha utilización tan partidaria e tan sectaria das ferramentas da Administración autonómica contra a oposición e contra os sindicatos. ¡Nunca! *(Aplausos.)* Campañas de parte, feitos intolerables como que un deputado do Partido Popular anunciara unha acción administrativa da Xunta de Galicia nunha rolda de prensa. ¡Ata aí chegamos! *(Aplausos.)* Bueno, chegamos a máis, chegamos a ver as xuventudes do PP berrando diante do domicilio particular dun cidadán. A min recórdame outras épocas e outros tempos. *(Aplausos.)* Por certo, ¿onde están as presentacións e a transparencia das declaracións de actividades e intereses de altos cargos? Na páxina web da Xunta non están.

O reparto sectario e partidista de fondos públicos, o Plan Hurbe, fondos de emprego, o ninguneo institucional dos alcaldes doutros partidos; ninguneo escandaloso, absolutamente escandaloso –estou pensando no paseo do señor presidente por Vigo hai uns días–; e, por último, a descarada e

burda utilización da Radio-Televisión de Galicia como un auténtico instrumento propagandístico a favor do Goberno.

Fronte a isto temos algunhas alternativas que presentar: garantir un acceso equilibrado aos medios de comunicación públicos, e, se iso non é posible, cesar o director xeral da Compañía da Radio-Televisión de Galicia. *(Aplausos.)* Aprobar un proxecto de lei de publicidade institucional; modificar o modelo de elaboración, vixilancia e control das probas de acceso; e algo moi importante, señor López-Chaves, loitar contra os tránsfugas. Algo moi importante: loitar contra os tránsfugas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Señores, este era o contrato do señor Feijóo. Non era un contrato, era unha estafa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Onte os que estivemos aquí tivemos ocasión de escoitar pola mañá un discurso propositivo, un discurso que facía un diagnóstico de Galicia e que facía un bo feixe de propostas de actuación nas actuais circunstancias, demostrando que hai un Goberno que sabe cal é a situación e ademais un Goberno que toma as medidas que, dados os recursos dos que dispón, son as axeitadas para intentar que esa situación –que é mala, que é crítica– se resolva.

Pola tarde escoitamos basicamente dous discursos destrutivos no sentido retórico do termo. Eran dous discursos que realmente fixeron moi pouca proposta. Un deles tiña un pouco máis de altura intelectual e mellor construción, o outro tiña o desideratum dalgunha cousa que hai que facer, pero sen concretar nin unha soa medida. E hoxe en principio un chega aquí esperando que, en vez deses discursos destrutivos, propios dunha oposición que intenta, máis que vender o seu, destruír o que están a facer os demais, houbese algun-

ha proposta construtiva. E realmente algunha fomos escoitando, pero tan embarulladas co que era o discurso destrutivo de onte que, realmente, resultan mesmo difíciles de percibir.

O señor Losada citou algo da caverna, pensando no Partido Popular... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, si, a Platón xustamente quería eu referirme, porque –como todos sabemos– a alegoría da caverna de Platón é dun grupo de homes encadeados no fondo dunha caverna, de costas á luz que entra da entrada da caverna, que o único que vén son as sombras que se reflicten no fondo da caverna, e confunden –dado que pensan que esa é a única realidade que hai– a realidade, que é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –gracias, señora Quintás, alégrome de que me diga que explico ben a Platón, cousa nada doada–. (*Aplausos.*) Dito isto, confunden o que eles ven, as sombras, coa realidade. De feito, o coñecemento do ben –na alegoría–, que é ver o sol cando se sae da caverna, é xusto o que a Platón o leva a distinguir o que é o coñecemento sensitivo do propio coñecemento racional. A verdade é que esta alegoría gústame que a traia a este discurso, porque un ten a sensación de que os señores da oposición están encadeados contra a parede, coas cadeas do seu propio pasado, e os do PSOE tamén coas cadeas do presente, e o que están é vendo pasar sombras que confunden coa realidade, sombras construídas con base no seu propio prexuízo. (*Aplausos.*)

Por exemplo, vostedes critican que este Goberno impulse tres hospitais porque están atados pola cadea e ven pasar unha sombra de privatización da sanidade; están atados pola cadea do que están a facer os socialistas noutras comunidades autónomas, como Baleares, o que está a eloxiar a ministra de Sanidade do Goberno socialista dicindo que ese é o mellor hospital que hai en España. E mesmo están atados polas cadeas de que durante catro anos, cos maiores orzamentos da Xunta, non foron capaces de facer ningún hospital, nada máis ca unha maqueta. (*Aplausos.*)

Vostedes critican a privatización sanitaria con base no seu prexuízo, unha sombra que pasa por alí, polo fondo da caverna, e esquecen que esa cadea que os ata e que os mantén alí é a dun 40% de incremento do financiamento dos concertos na lexislatura pasada e que este ano está diminuíndo un 4% ou un 5%. (*Aplausos.*) Ou, por exemplo, a cadea que leva curiosamente a algúns a pedir que a Povisa, en

Vigo, se lle dea moito máis diñeiro e que en Santiago se lles corte e se lles quite o negocio, por exemplo. Vostedes ven pasar a sombra dun Audi e non perciben a realidade, que é que o conselleiro de Presidencia vai, señor Losada, no coche que vostede usaba como director xeral. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Ou, por exemplo, vostedes ven pasar a sombra dun mal dato conxuntural de finais de ano, de emprego, e esquecen que Galicia ten o 15% do paro cando España ten o 20% do paro, por exemplo. Ou, por exemplo, ven pasar a sombra dun orzamento racional e axustado ás cifras que ten a Comunidade Autónoma, e esquecen a realidade de 2.600 millóns de euros que hai que devolver, do burato de 1.200 millóns de euros que nos deixaron no orzamento do 2009 e dos 800 millóns de euros que tiña que pagar o Estado este ano e non llos transfere á Comunidade Autónoma, por exemplo. (*Aplausos.*)

En todo caso, nós queremos seguir na liña construtiva e positiva, e ademais presentamos estas propostas aquí convencidos de que o Goberno o vai facer co ánimo de acadar consensos, e para que algunhas destas cuestións que entendemos vitais para o noso país neste momento poidan levarse a cabo cun apoio máis amplo que o que ten o Goberno, que é o do Partido Popular, maioritario nesta Cámara.

Por iso presentamos 37 propostas de resolución, a primeira delas centrada na realidade, na realidade que acabo de mencionar: 800 millóns de euros que o Estado tiña que liquidar, de acordo co novo sistema de financiamento autonómico, e que non liquidou.

En segundo lugar, seguir negociando o adiamento a dez anos do pago dos 2.600 millóns de euros de liquidacións negativas dos orzamentos que vostedes deixaron feitos, ou que o Partido Socialista fixo, que é onde está o erro que obriga agora a pagar 500 millóns ao ano, no peor momento da crise; pedimos tamén o seu adiamento.

E, por suposto, estamos dispostos a consensuar o seu apoio a cambio do que vostedes estimen oportuno, sempre e cando se defenda o dereito de Galicia a percibir o que está na lei e o que está asinado entre o Estado e a Comunidade Autónoma na Comisión Mixta de transferencias. Á súa vez tamén pensamos que é importante, neste contexto, aprobar unha norma de disciplina orzamentaria para establecer un marco que permita garantir a sostibilidade financeira das finanzas

da Comunidade Autónoma de Galicia. Eu supoño que polo menos o Grupo Socialista estará de acordo con esta medida, tendo en conta que o señor Zapatero está pensando en impoñela desde Madrid porque a el lla impuxeron desde Bruxelas. Nós cremos que o importante é que as comunidades autónomas teñan un teito de gasto, e precisamente por lealdade á situación económica xeral estamos dispostos a asumilo vía unha autorregulación, nesta Cámara, desta materia.

Por suposto estamos impulsando e compartimos a idea de que hai que racionalizar a Administración institucional e o gasto. Esta Xunta xa ten feito un plan de reordenación. Nós entendemos que esta primeira etapa, que leva a que haxa 41 menos, require dunha segunda etapa, unha segunda fase, un segundo plan de avaliación dos entes instrumentais, que leve á súa reforma e, no seu caso, á súa unificación, supresión ou reintegración na Administración central do Estado. E, así mesmo, pensamos que o contrato programa é un bo instrumento para mellorar o rendemento con base no traballo por obxectivos destes organismos, que están obrigados a mellorar a eficacia das súas actuacións.

Por suposto, dentro do que é a racionalización do gasto, tamén entendemos que é razoable que se retire o recurso de inconstitucionalidade contra o catálogo farmacéutico. É evidente que é unha norma que garante os dereitos de todos os cidadáns á prescrición dos fármacos que necesitan, pero non das marcas, que custan unhas cantidades que a Comunidade Autónoma nestes momentos non pode permitirse para financiar —como se dixo onte— determinados negocios —moi lexítimos— de internacionais farmacéuticas.

Tamén presentamos unha proposta dentro da sostibilidade do sistema sanitario, unha serie de reformas que impliquen un abaratamento dos custos a base dun plan de eficiencia nos hospitais, de centralizar nunha plataforma loxística todo o que son as provisións, os pedidos e as subministracións dos hospitais, o material funxible, compras centralizadas, xestión integral do transporte sanitario de Galicia e un cadro de mandos integral para a organización.

En segundo lugar, ademais desta racionalización do gasto presentamos algunhas propostas para avanzar no futuro por uns camiños determinados. A señora Pontón preguntábase no seu discurso onde están os pactos polo territorio. Ben, señora Pontón, as Directrices de Ordenación do Territorio e

o Plan de Ordenación do Litoral están xa aprobados, aprobados polo Estado, e pasaron por esta Cámara de acordo co procedemento que aprobou a Mesa. E agora vostedes poden dicir: é que ese procedemento non nos gustou. E preguntaba tamén, ¿onde está o Plan de dinamización económica? O Plan de dinamización económica tamén pasou por esta Cámara. Era o Plan estratéxico que veu a esta Cámara, e ese veu polo camiño longo. Pasou primeiro por Comisión, estivo aberto a emendas e de feito incorporáronse moitas; ningunha do Bloque, porque o Bloque presentou ao Plan económico da Xunta, ao Plan estratéxico —algo que esta é unha das poucas comunidades que ten, non xa en España, senón en Europa, como onte contaba o presidente—, unicamente emendas de supresión de todos e cada un dos preceptos dese plan, co cal é difícil incorporar ningunha emenda do Bloque. Pero o Plan de Ordenación do Territorio, as Directrices de Ordenación do Territorio, pasaron por esta casa, igual que o Plan estratéxico, e están aprobados. Por iso, precisamente porque están aprobados, con respecto ao Plan estratéxico o que queremos é seguir adaptándoo de acordo coas recomendacións feitas, mellorando os indicadores de contexto, adaptándoas ao escenario financeiro, e con iso xa de entrada imos conseguir algo que é revolucionario en termos de xestión pública, que é que teremos un orzamento onde se van poder ver por indicadores os resultados das distintas políticas públicas.

Dentro do propositivo para dinamizar a nosa economía —porque no fondo todas estas medidas de dinamización económica o que pretenden é que a economía vaia ben para que haxa emprego, e polo tanto atallar as causas que xeran o resultado, que é o desemprego—, evidentemente este Goberno está defendendo Novacaixagalicia. Eu, a verdade, cando falan aquí das caixas algúns portavoces non poden menos que recordar cando comezou todo o debate. Cantas veces nos dixeron qué queríamos facer coas caixas, e que se non estábamos a facer nada coas caixas era porque llas íamos regalar a Rato, porque queríamos facer unha caixa mandada por Rodrigo Rato que estivese na órbita do PP. ¡Cantas veces escoitamos iso! Eu creo que o escoitamos moitísimas veces, escoitámolo case tantas como cando dicían que o señor Feijóo lle ía regalar ao señor Galván, de Iberdrola, todo o negocio eólico de Galicia. *(Aplausos.)* O outro día comentaban aquí que nalgúns cuestións é difícil predicir o futuro, pero, desde logo, nestes temas baseados nos prexuízos, evidentemente vostedes non están a acertar nada.

Evidentemente, daquela algúns falaban de banca pública, o PSOE falaba de todo á vez, e nós creo que fomos honestos co país: defendemos a importancia das caixas en Galicia e somos os únicos que en cada circunstancia conseguimos que hoxe teñamos o que temos, que é unha caixa –como onte soubemos pola publicación das súas contas– das máis saneadas do sistema financeiro, á que lle afecta un decreto que o Partido Popular non apoia, e evidentemente estamos a facer todo o posible para que, dentro dese decreto que é competencia do Estado, sen descartar recorrela unha vez que se coñezan os fundamentos xurídicos que baseen, que posibiliten, ese recurso, dentro dese contexto o que imos facer é seguir pelexando por que Galicia conte cunha caixa de aforros. (*Aplausos.*)

Estamos, pois, proponendo algo tan razoable como que non se discrimine entre entidades financeiras por razón da súa natureza xurídica nin pola súa procedencia xeográfica; que nas demandas de capitalización solicitadas ás entidades se teñan en conta os graos de saneamento, que son os que fan que Novacaixagalicia apareza na cola do *core capital* precisamente porque está na cabeza do que son os saneamentos; e tamén pedimos unha fórmula para que siga sendo unha caixa, aínda que opere a través dun banco, do que sería o accionista de control principal, polo tanto, utilizando un esquema de protección de activos. É unha mostra máis do noso compromiso co mantemento dunha caixa de aforros en Galicia.

Tamén onte, no discurso do presidente, eu escoitei –por iso o Grupo Popular o incorpora– unha clara aposta pola internacionalización das empresas galegas. O futuro de Galicia, nin sequera das empresas, está na nosa capacidade de competir no entorno globalizado, e iso require que se transforme o Igape. O Igape está tendo uns resultados extraordinarios en relación co que se facía antes, adaptado ás novas circunstancias, por iso instamos a Xunta a que potencie o proceso de internacionalización, e ademais poñemos obxectivos: que 700 pequenas e medianas empresas comecen a exportar, incrementando aproximadamente en 3.000 millóns as nosas exportacións, co obxecto de que, se iso vai adiante, se poidan crear –relacionado con ese negocio– en torno aos 20.000 empregos.

Do mesmo xeito, onte escoitamos defender que é importante apoiar os emprendedores, por iso nós instamos a Xunta a

que se tome en serio, por primeira vez en moitos anos, o que é o apoio ao emprendemento, para que os novos proxectos empresariais poidan frutificar e, polo tanto, xerar emprego.

E, por suposto, tamén escoitamos que é importante apoiar o autoemprego, así como os autónomos e as cooperativas, e aí tamén incluimos unha proposta de resolución nese sentido.

Polo que se refire ás políticas de emprego, eu creo que presentamos unha interesante proposta de resolución na que pedimos dúas cousas, que son as dúas cousas, por outra parte, que o Goberno está intentando poñer en práctica desde hai dous anos.

A primeira é mellorar a capacidade do Goberno de manexar as súas políticas de emprego no ámbito das políticas activas. Vostedes saben que as políticas activas de emprego son basicamente de execución –en torno a un 90%– dos cartos que nos transfiren; que, por certo, son algo así como a metade do que lle transfiren ao País Vasco despois do acordo que recentemente acadou o señor Zapatero, para blindar a súa lexislatura, co Partido Nacionalista Vasco. É o dobre, o que recibe o País Vasco, do que recibe Galicia polo concepto de políticas activas de emprego por desempregado; ese é o dato. Pois ben, que esas cifras que veñen condicionadas, e que son políticas de execución, sexamos nós os que poidamos executalas de acordo coa nosa propia lexislación. E ademais poñer o compromiso –e así o leva facendo este Goberno– de que todo o que sexa política contra o desemprego sexa a través de instrumentos de diálogo social. Porque os acordos no diálogo social non só melloran as políticas porque achegan posicións dos distintos actores sociais, senón que ademais teñen o valor adicional do acordo.

Por iso tamén nós presentamos, en concreto, un compromiso para un Plan de mellora da empregabilidade dos menores de trinta anos. Nos menores de trinta anos, por certo, crece moito o paro xuvenil, é certo, e esa sombra reflicte unha realidade, a realidade de que en España está por riba do 40% e en Galicia está cinco ou seis puntos por baixo, o cal é malo, pero en todo caso non é como está a ocorrer, como o que está a acontecer, noutras comunidades autónomas.

Evidentemente a Xunta, para promover a economía, está a potenciar o I+D+i no noso tecido produtivo. Presentamos tamén propostas para que o Plan de banda larga de Galicia

acabe incluíndo e dando máis cobertura a un cuarto de millón de galegos máis nas redes de 100 megas e no acceso á TDT.

Presentamos tamén propostas en relación co ensino: integración das TIC no ensino, ampliación das iniciativas orientadas á promoción da aprendizaxe de idiomas, ou, por exemplo, un dos grandes problemas dos nosos rapaces, a comprensión lectora.

Por suposto, o acceso a materiais de todo tipo a través da súa dixitalización, cun proxecto para desenvolver a virtualización da información e dos servizos na Biblioteca e no Arquivo de Galicia, que este Goberno está poñendo xa a funcionar en valor.

Tamén propoñemos mellorar a Formación Profesional. Esta é unha das grandes lagoas do bipartito, a redución de estudantes e a redución de ciclos formativos na súa época que romperan aqueles centros onde se integraban persoas que tiñan experiencia laboral cos estudantes de novas. Creo que foi un gran erro, un gran erro que pagaremos durante algún tempo, pero que estamos a corrixir xa.

E, por suposto, potenciar o Sistema Universitario de Galicia, intentando axecutar o que é a oferta formativa ao que é a demanda do país; non das empresas, a demanda do país, dos sectores estratéxicos do país.

Por suposto, queremos seguir traballando no ámbito da ordenación do territorio. Pedímoslle ao Goberno que traia unha lei de mobilidade das terras, unha lei de concentración parcelaria, unha lei de montes.

Queremos seguir avanzando nos espazos naturais. Presentar unha proposta de ampliación da Rede Natura; que, por certo, nos catro anos do bipartito non engadiu nin un só metro cadrado. E elaborar e presentar o Plan reitor do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Por suposto, queremos mellorar tamén a pesca. Instamos a Xunta a demandar do Goberno a defensa, diante dos foros decisorios europeos, do establecemento de cotas acordadas coas disposicións de recursos mariños, tendo en conta os condicionantes sociais e económicos de Galicia. E, por suposto, apoiar o que ten futuro neste sector, que é a cadea marindustria e a súa sostibilidade, que se basea sobre todo na trazabilidade, no control do produto e na calidade.

Por suposto, queremos traer á Cámara, dentro do que son os ámbitos de desenvolvemento dos distintos sectores, unha lei do solo, fundamental para completar as Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral, e, dentro do que é o espazo de ordenación do territorio, do que é o espazo da vivenda, traer un novo proxecto de lei de vivenda adaptada á nosa realidade.

Por suposto, estamos a continuar incentivando o transporte metropolitano no ámbito interno de Galicia, e no ámbito externo pedimos algo –como ven, ata agora practicamente todo o que pedimos, salvo dúas ou tres cousas, como a retirada dun recurso, son políticas da Xunta, non estamos aquí nin a chorar nin a vitimizar nada– tan sinxelo como que se cumpra o Pacto do Obradoiro, un pacto que se está a incumprir baixo condición de que agora se vai cumprir todo á vez, pero, evidentemente, é un pacto polo que Galicia está certamente expectante sobre as súas consecuencias, e non me estou referindo ás consecuencias sobre os membros do Goberno que queden ou marchen, senón sobre as consecuencias no país de que se liciten dunha vez esas liñas de alta velocidade. (*Aplausos.*)

Pois ben, eu creo que este feixe de medidas de política económica dan a idea de que o Goberno ten, efectivamente, unha política económica, que é, cos instrumentos... Señora Pontón, levo vinte minutos falando e non llo quero repetir, pero abordei practicamente todos os sectores produtivos de Galicia indicando por onde van as liñas mestras, potenciando a información, potenciando as novas tecnoloxías, potenciando a racionalización do uso dos recursos públicos, que son menores, como comprenderá vostede, se non a ve –insisto–, xa non é a miña culpa, intente liberarse das cadeas e dar a volta cara á luz.

Ben, o Parlamento tamén... Perdón, o Grupo Popular tamén quere aquí o compromiso social, está é outra das sombras fugaces, a de antisociais, O Partido Popular, como vostedes saben, está executando o orzamento da Xunta de Galicia que máis cartos inviste, proporcionalmente aos recursos totais, en políticas sociais: 7 de cada 10 euros, por riba do 70% do total dos dez mil e pico de millóns de euros que conforman o seu orzamento. (*Aplausos.*) E o que queremos é seguir avanzando nesa liña.

Por exemplo, onte o presidente anunciou algo que creo que é moi importante, unha lei de garantías de prestación sanita-

ria, que será aprobada por esta Cámara ao longo do 2011 para garantir os tempos de resposta, a liberdade de elección e a segunda opinión médica. Evidentemente, esta lei, que vai ter un gasto ou un custo maior, e que vai mellorar moito tamén as prestacións cara aos pacientes, require que o Estado polo menos cumpra os compromisos que asumiu no pacto no Consello de Política Fiscal e Financeira en relación co financiamento autonómico. Por suposto, continuar coa mellora das nosas infraestruturas sanitarias e hospitalarias pese a ter menos recursos, e continuar a renovación das infraestruturas de atención primaria.

Tamén propoñemos continuar na loita contra a desigualdade entre homes e mulleres. É dicir, seguir traballando a prol da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, para o cal lle propoñemos á Xunta que presente o VI Plan de igualdade.

Tamén queremos incrementar, mellorar, a dotación de prazas públicas do sistema galego de benestar, de tal xeito que se incremente o número de prazas públicas na rede galega de escolas infantís, cun obxectivo moi específico: a consecución por parte de Galicia da ratio de cobertura recomendada pola Unión Europea para nenos e nenas de 0-3 anos sostida con fondos públicos por cada cen, é dicir, a que marca exactamente a Unión Europea; e tamén as prazas para persoas maiores e con discapacidade de acordo co mapa de infraestruturas sociais de Galicia.

Tamén se propuxo onte traer unha lei de inclusión social de Galicia, e nós instamos a Xunta a que materialice a súa presentación. E seguimos apoiando os galegos residentes no exterior, especialmente aqueles que están en situación de risco de exclusión social. Porque nós, con independencia da práctica ou do exercicio do dereito de voto, algo sobre o que —como comprenderá vostede— este grupo que perdeu un deputado como consecuencia do voto emigrante, non é que o faga porque aí teña un caladoiro de votos especial, simplemente... (*Murmurios.*) Non, non, vostede sabe perfectamente, se colle as series históricas, que o comportamento electoral dos emigrantes é, primeiro, moi racional, e, segundo, determinado por unha variable, que é quen goberna en Madrid, e nós non estamos gobernando en Madrid. (*Aplausos.*) E, pese a iso, estamos manifestando que continuamos —pese a que, por exemplo, nas eleccións locais non teñan voto— apostando por apoialos, por ser solidario con eles, especialmente cos que teñen máis necesidade, por unha

banda, e por outra por continuar mantendo vivos os lazos sociais e culturais que teñen coa súa terra.

Tamén queremos no eido social, do mesmo xeito que a Xunta está a facer un importante esforzo, que por fin o Estado cumpra a súa parte, por iso instamos a que o Estado cumpra o financiamento ao que teñen dereito os galegos e as galegas que están pendentes de cobrar a súa prestación, que é o 50%. Hoxe está no 70-30, e a Xunta está facendo un esforzo moi grande que o Estado debe corresponder. E ademais, neste caso, sería simplemente o cumprimento do pactado.

O terceiro e último bloque de proposicións refírense ao autogoberno, ao Estado das autonomía. Nós cremos que Galicia debe participar e mesmo impulsar a creación da Conferencia de presidentes de comunidades autónomas, sen o presidente do Goberno, non só pola experiencia internacional de que isto é o que funciona ben noutros países. Esta proposta, por certo, é aplaudida e moi defendida polo señor presidente da Comunidade Autónoma de Estremadura, o compañeiro do señor Vázquez, que a ve moi ben, é moi lóxica. Vostede non sei se coñece en Austria como naceu a Conferencia de presidentes que despois se trasladou a España. En Austria a Conferencia de presidentes naceu precisamente como un acordo entre os Länder para facer demandas conxuntas e comúns fronte á Administración do Estado nun aspecto cooperativo. En España seguiu o modelo dunha conferencia de presidentes encabezada polo presidente do Goberno que non funciona. ¿Cando se reuniu por última vez? ¿Non pasou nada en España desde que se reuniron? ¿Non cambiou o sistema de financiamento autonómico? ¿Non o están incumprindo? ¿Non están non pagando a dependencia? Digo eu que todas as comunidades autónomas teñen aí un acordo común. Entón eu alégrome de que o señor Vázquez diga que é moi interesante unha conferencia de presidentes autonómicos sen o presidente do Estado, porque, efectivamente, non só o apoia o señor Rodríguez Bara, que é do seu partido, seguro que está de acordo con el, senón porque ademais sería bo para mellorar o Estado autonómico, sería moito mellor para o Estado autonómico.

Do mesmo xeito, supoño que tamén estaremos todos de acordo en que é bo que no traspaso das competencias, que levamos lexislatura tras lexislatura petando contra o frontón do Partido Socialista en Madrid, por fin empece xa a caer algunha, que empecen xa a deixar de mirar única e exclusi-

vamente para outros lados. Vostede sabe que o traspaso competencial, por exemplo, da Policía autonómica, que o seu grupo rexeitou e ademais fixo campaña en lobby para rexeitar, está no actual Estatuto, demostrando unha vez máis que é unha variable independente e que, en todo caso, como vostede tamén sabe, a moitas comunidades autónomas que non reformaron o Estatuto, por exemplo Euskadi, déronlle outras competencias, por exemplo as políticas activas de emprego; por certo, pagándolle o dobre por desempregado que á Comunidade Autónoma de Galicia. *(Aplausos.)* Como vostede sabe, a reforma do Estatuto é unha variable independente do traspaso competencial.

E tamén no ámbito interno, defendendo a coordinación dos concellos e das deputacións, para o cal instamos a que, unha vez celebradas as eleccións, poidamos ter esa reunión que contribúa a coordinar os esforzos de investimento entre as deputacións, os concellos e a Xunta.

Evidentemente, facemos propostas para a mellora da administración de xustiza e a seguridade cidadá, promovendo programas de mediación e de resolución extraxudicial e continuando coa execución do plan de infraestruturas xudiciais. Propoñemos —e cremos que estaremos todos de acordo— continuar coa protección e o fomento da lingua galega, intentando que dentro da Administración autonómica se cumpra a lexislación e garantindo o respecto das opcións lingüísticas de toda a cidadanía, principio que para nós é irrenunciable, así como procurando accións dirixidas a que o galego sexa lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións da Xunta coa cidadanía. Supoño que estaremos todos de acordo en que este é un bo obxectivo a cumprir ou, por suposto, incrementando o seu prestixio social.

E con isto eu creo que hai un programa de goberno bastante máis amplo do que vostedes queren —insisto, de espaldas á realidade— reflectir cos seus discursos. En todo caso, engadímoslle dous temas de actualidade. Primeiro, a garantía de que o canon da auga non se vai cobrar. *(Murmurios.) (Interrupcións.) (Aplausos.)* E, segundo, unha medida de apoio ao mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo da planta de Clesa en Caldas de Reis. *(Aplausos.)* Medidas todas elas que creo que compartirá, seguro, unha maioría —eu espero que máis ampla— da Cámara que son importantes para Galicia nestes momentos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Suspendemos a sesión por un tempo máximo de quince minutos.

As súas señorías serán avisadas en tempo e forma.

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás vinte horas.

A señora PRESIDENTA: Reiníciase a sesión coa rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas do resto dos grupos, comezando polo Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías.

Señora presidenta.

Quixera empezar este segundo turno chamando a atención dos membros do Goberno, e particularmente do señor presidente, sobre uns feitos que se produciron ao inicio do que foi a intervención do voceiro do Grupo Parlamentario Socialista, onde vimos un goberno que intentaba increpar a súa actuación. Creo que, desde logo, con ese tipo de comportamentos que levamos observando dunha maneira ou doutra nesta Cámara non se lle fai ningún tipo de favor ao que debe de ser o respecto ás institucións nin a esa ética e a eses principios...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señora Pontón, inicie a súa intervención.

A señora PONTÓN MONDELO:... aos que facía alusión o presidente da Xunta ao inicio da súa intervención. *(Aplausos.)*

Sei tamén, señorías —e quero recoñecelo—, que non todos os membros do Goberno actúan con esa actitude, pero creo que, en todo caso, denota un certo sectarismo cando se vén a esta Cámara, que logo, evidentemente, ten o seu reflexo na política que se aplica.

E ao señor Puy, que nos falou de Platón e nos explicou o seu mito a medias, quería dicirlle que do que se esquece vostede

é de que no mito de Platón para ver a luz non chega con mirar para ela, hai que saír fóra da caverna, que é onde están vostedes e parece que non queren saír. (*Aplausos.*)

Sinceramente, creo que nós non fixemos aquí ningún tipo de discurso destrutivo, ao único que viñemos aquí foi a recordarlle ao señor Núñez Feijóo cales son os seus compromisos, os compromisos que adquiriu con este país; e ao mesmo tempo vir defender as propostas que, ante unha situación tan crítica como ten Galiza, o Bloque Nacionalista Galego defende e que este Goberno na parte substancial non está disposto a poñer en práctica, e o único que nos dá nas súas propostas de resolución é continuidade co que hai neste momento.

Sinceramente, o problema non son os discursos destrutivos que se poidan facer nesta tribuna, o problema é que neste momento se están destruindo as bases materiais de Galiza: estase destruindo o noso sector lácteo, estase destruindo o noso sector pesqueiro, estase destruindo o noso sector naval, estase destruindo o futuro de Galiza, e creo que a responsabilidade que ten a oposición, xa que o Goberno non quere facelo, é recordarlle cal é a evolución que está tendo este país e cales son os efectos da súa política económica.

De verdade, o que vemos son moitas sombras na súa xestión. Sombras, claro que si. Privatización da sanidade pública. Volve co Partido Popular. Gústelles ou non, o sistema PFI que vostedes están impoñendo para o financiamento de novas infraestruturas hospitalarias supón privatizar a sanidade, e ademais supón hipotecar os futuros gobernos nunha materia tan relevante e tan sensible. E o que é máis grave, pagando máis polo mesmo e indo cara a un camiño que vai deteriorar os servizos públicos.

Vemos tamén na súa xestión a sombra das listas de espera. Porque terán nalgún momento que darlle solución ás 300.000 persoas que están esperando, e vemos que a súa proposta de resolución non teñen absolutamente ningún interese en levala adiante. A súa proposta de resolución o que di é que non van facer nada no tema das listas de espera, porque fían todo a un financiamento que saben que non van recibir, e, polo tanto, o que lles están dicindo aos galegos é que as listas de espera van continuar. E desde que vostedes chegaron á Xunta de Galiza incrementáronse as listas de espera e incrementáronse os tempos medios. Temos aquí os

datos e realmente iso é o que leva pasando desde que vostedes chegaron. Eses datos que maquillan, e que a pesar da maquillaxe seguen dicindo que vostedes incrementaron os tempos medios de espera.

E vemos tamén cales son as sombras en como conciben vostedes o diálogo e o acordo. Porque que nos veña dicir que a tramitación do Plan de ordenación do litoral e das Directrices de ordenación do territorio é a consumación do compromiso do señor Feijóo de intentar fraguar un acordo en materia de ordenación do territorio, creo que é unha burla. Porque saben, ademais, que mesmo nalgún momento fixeron unha tramitación absolutamente acelerada para impedir un debate en profundidade nesta Cámara. Con esas formas demostran ata que punto as súas propostas están baleiras e que non cren no acordo nin no consenso, utilízano simplemente como un comodín á hora de vir a este tipo de debates porque, efectivamente, saben que hai temas que son sensibles e nos que sería bo un acordo, pero logo o que queren aplicar é a súa política, sen escoitar nin recoller as aportacións que outros grupos temos que facer.

Nós nesta lexislatura, ademais, demostrámoslles que desde o BNG temos capacidade para, nos temas centrais do país, poñer sobre a mesa acordos que realmente serviron para defender os intereses de Galiza. Lamentablemente, cada vez que nós lles tendemos a man en asuntos clave para o país, vostedes estragaron esa confianza e non foron capaces de conseguir acordos que realmente deseen resposta á confianza que desde o BNG lles demos. Pasou no tema do financiamento, pasou no tema das caixas e moito tememos que tamén vai pasar co tema do catálogo. Sinceramente, cremos que o problema é como enfrontan vostedes este tipo de cuestións.

Da mesma maneira que a sombra que ten non este Goberno, senón a que teñen que soportar milleiros de persoas neste país, é o desemprego. E desde que vostedes chegaron o que se está producindo é que hai un incremento brutal do desemprego e que ademais se rompe a tendencia que había con anterioridade, a que había no bipartito, que era que o desemprego en Galiza, cando empezou a crearse no ano 2008, medraba menos cá media estatal, e agora estamos sendo quen máis emprego destrúe a nivel de Estado; polo tanto, esa é a sombra e os resultados do seu Goberno.

Ou tamén resulta, desde logo, curioso que nos falen dos buratos co nivel de execución que ten este Goberno. Xa non é só que vostedes reducisen a capacidade de investimento e que reducisen os investimentos produtivos neste país, é que non son capaces nin de executar os orzamentos. Ano 2009, 63% de execución. Nos últimos datos que nos remitiron do ano 2010, de setembro, non chega nin ao 34% cunha crise tan forte, e o único que demostra é o que nós viñemos dicindo neste debate, que o Goberno está paralizado e non sabe que facer nin a que atender. *(Aplausos.)* E, sinceramente, nós o que agardamos é que o plan do Goberno non sexan as propostas de resolución do Partido Popular, porque son absolutamente reiterativas a respecto das propostas de resolución do ano pasado, non aportan nin establecen ningún tipo de compromisos concretos e non deixan de ser xeneralidades e vaguidades. Creo que un grupo que está apoiando un Goberno debería de aspirar a algo máis á hora de presentar propostas de resolución nunha cámara coma esta.

É, desde logo, moi significativo que vostedes xa renuncien ao autogoberno. Despois da intervención de Núñez Feijóo nas propostas de resolución non se fala para nada da reforma do Estatuto. O único que nos presentan é unha proposta funcional para a estratexia do Partido Popular a nivel de Estado que renuncia a que teñamos Estatuto. ¿E vólvennos dicir que negociemos as competencias que xa aprobamos o ano pasado negociar? Pero, ¿que estiveron facendo durante este ano? Creo que, desde logo, non é serio enfrontar un tema tan importante con ese tipo de actitude. Nós si que cremos que ter autogoberno é importante para enfrontar a situación de crise económica. O malo é que vostedes non cren no autogoberno porque non saben que facer con este país. Desde logo, demostran moita incapacidade e seguir nesa caverna que quere condenar a que a lingua galega non sexa unha lingua viva.

Creo tamén, señor Puy, que, se a alternativa era o Plan estratéxico, coa súa proposta de resolución é que quedan en evidencia e en ridículo. Porque se agora o que se necesita é un plan para executar un plan, díganme vostedes que clase de iniciativa aprobaron, que clase de estratexia hai detrás dese tipo de documentos.

E miren, eu simplemente quixera rematar dicíndolle que no tema das caixas nós imos apoiar a nosa iniciativa, porque cremos que o que se precisa neste momento é defender o

dereito de Galiza a ter unha caixa e o dereito a que non se consume un novo espolio do aforro galego. Non imos entrar, desde logo, en xogos florais que o único que pretenden é que non se vexa con claridade que vostedes xa renunciaron a que teñamos un instrumento financeiro propio. *(Aplausos.)*

E remato –porque o tempo é breve– cunha simple frase de Castelao que xa sei que a vostedes non lles gusta, que lles proe, que é unha figura que lles resulta incómoda precisamente por ser unha das persoas referenciais do nacionalismo. Pero nun discurso nas Cortes, no ano 1933, dicía: “Quixera ter un motivo, un só, para estarlle agradecido ao Goberno. Quixera ter un pretexto, un só, para felicitar o Goberno pola súa actuación en Galiza. Pero véxome na necesidade de subscribir un telegrama que se enviou desde Galiza: ‘Non queda nada máis que facer en contra de Galiza. Non servistes máis que para agravar a nosa situación económica’”. Ese é o retrato e o resumo de dous anos de Goberno do señor Feijóo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Pontón.

Polo Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Puy, benvido á saída da caverna, estase moito mellor fóra da caverna que dentro, sempre. *(Aplausos.)*

Mire, xa que falamos de mitos, eu sei que vostedes teñen unha estratexia como partido, que é o de Penélope. Vostedes intentan destecer aquilo que un goberno progresista en Galicia e que un goberno progresista en España fixo e está facendo para mellorar, dentro das dificultades que existen, as condicións de vida de todos os cidadáns, *(Aplausos.)* e sobre todo dos que teñen máis dificultades. *(Aplausos.)*

Mire, postos a tecer e destecer mitos, está moi ben a futura reunión do presidente da Xunta cos alcaldes das cidades e os presidentes das deputacións dous anos despois de que goberna e unha vez que aprobou as Directrices de ordenación do

territorio e o Plan do litoral. Probablemente sería moito máis institucional, cooperativo e sobre todo racional facelo antes, pero, en todo caso, benvida sexa.

Mire, vostedes votan en contra dalgunhas das nosas propostas –non teño demasiado tempo, entón–, pero algunhas eu creo que si son relevantes. Votan en contra da proposta contra o transfuguismo. A verdade é que o podíamos prever. Eu vivo en Vigo, vivo cerca de Mos, vexo a frecuencia das visitas do presidente da Deputación de Pontevedra a Mos, vexo o apoio incondicional da Deputación de Pontevedra á Alcaldía de Mos, e era previsible que, despois do cultivo floral desta alcaldesa, a levaran nas listas. *(Aplausos.)*

E votan tamén en contra da retirada da cláusula S698, e eu sigo mantendo que van intentar enganar os galegos, porque ata o de agora non nos demostraron con feitos que non sexa así. Eu lamento, neste caso, excluír a presunción de inocencia, pero teño a sensación de que van intentar enganar os galegos. Porque, se non, o que teñen que facer, tamén nisto, é retirala. Hai unha serie de claves do Ministerio de Traballo, déixense de confrontar co Goberno de España e solucionen os problemas dos galegos. Creo que iso é o que teñen que facer.

E logo votan en contra doutra especialmente relevante –a verdade é que está ben, eu sei que o Partido Popular sempre fala da súa base social cristiana, que forma parte dos movementos conservadores europeos en realidade desde a Segunda Guerra Mundial–, votan en contra do mantemento das casas de acollida de enfermos de VIH. Son capaces de votar en contra diso. Iso chámase inhumanidade, absolutamente inhumanidade; non ten outro nome. *(Aplausos.)*

E, por certo, a voceira do meu grupo que leva os temas de comercio e turismo estaba especialmente afectada, porque vostedes non presentan ningunha iniciativa sobre comercio e turismo, un tema fundamental na actividade económica desta comunidade autónoma, como saben, seguro. Pero, aínda así, tumban todas as nosas iniciativas. Nin como nin deixo comer. En realidade, nin como nin deixo comer.

Trátase de demostrar a aposta do señor conselleiro de Economía e Industria, que recorre –depende se coa secretaria de Turismo ou de Comercio– repartindo esa chuvia fina por toda a comunidade autónoma, pero logo non hai ningún

compromiso real con sectores estratéxicos tanto en termos económicos como territoriais; aínda que logo se lles encha tanto a boca sobre ambos os dous temas.

Outra cuestión. A verdade é que o da reunión dos presidentes das comunidades autónomas para despois negociar co presidente do Goberno de España é unha cuestión interesante, un exercicio intelectual interesante. Home, a verdade... Non, non. Tenlle que explicar vostede que cando gobernaban Aznar e Fraga non había reunións nin co presidente do Goberno de España. Non señor, non señor, non señor. *(Aplausos.)* Iso é o que lle ten que explicar vostede, iso é o que lle ten que explicar.

E logo o tema da Lei de estabilidade presupostaria. Mire, a verdade é que nós lamentamos moito que non inclúan aí os mecanismos de financiamento público-privado, porque é un mecanismo de endebedamento. E, por certo, ademais, a corrente principal da Unión Europea vai cara a incluír no déficit estas vías de financiamento. É dicir, van vostedes tamén neste tema contra a historia, porque a Unión Europea lles vai obrigar a incluílo, porque desde logo forma parte dun proceso de endebedamento público, chámese como se chame, disfrácese como se disfrace. Iso si, é un proceso de endebedamento público que, como ben sabe a conselleira Farjas, trae consigo dividendos privados para as empresas concesionarias.

Teño aquí un texto, e pasamos á Consellería de Traballo e aos compromisos tamén. A Consellería de Traballo e Benestar difunde unha directriz aos órganos de valoración da dependencia para que non prescriban servizos públicos, tal e como ordena a Lei de dependencia. Sinala que deben de prescribirse prestacións económicas “para que los usuarios compren en el mercado privado los servicios”. Eu non vou dicir nada máis. Se queren, pásao, pero eu non vou dicir nada máis. *(Aplausos.)*

Outro dos temas nos que andamos: políticas activas de emprego. Miren, teñen todas as ferramentas, teñen practicamente o cen por cento das competencias, deixen de botar balóns fóra. O anterior Goberno, o anterior conselleiro de Traballo, no seu momento plantexou un conflito de competencias solicitando as transferencias destes fondos e obtívoo. Polo tanto, eu entendo que antes do peche do debate do estado da Autonomía lancen en notas de prensa comunica-

dos intentando enturbiar, por dicilo dalgunha maneira, o que son as competencias en temas laborais do Goberno da Xunta. Eu lamento que o señor presidente se equivocase nalgún momento. Tenas todas. E, polo tanto, se ten todas as competencias e o mercado laboral galego está como está, só se pode falar de incompetencia, a min non se me ocorre outra palabra. E, por certo, para poñer un exemplo: *La falta de cursos obstaculiza las ayudas a desempleados que no cobran prestación*. Ata o momento, e estamos a mediados... —notarios da historia—... de marzo, van alá dous meses e medio, a Consellería de Traballo ofrece soamente 105 prazas. Eu creo que é incompetencia, eu creo que é incompetencia. *(Aplausos.)*

E agora o Pacto do Obradoiro, tamén aquí enredar. O que está firmado no Pacto do Obradoiro, dende logo, sen ningunha dúbida, pero o que aparece na súa proposta de resolución non está no Pacto do Obradoiro. Vostedes veñen aquí enredar, porque intentan tamén aí destecer a realidade. ¿A realidade saben cal era? Era unha liña única cruzando o Padornelo, iso era o que tiña o señor Álvarez Cascos para o tren de alta velocidade a Galicia. E en números, por se prefiren o cuantitativo: entre o ano 1996 e o ano 2003, o investimento do Ministerio de Fomento Arias Salgado-Cascos, 2.992 millóns de euros. No período 2004-2010, 6.790 millóns de euros. *(Aplausos.)* Deixen de enredar.

E pasamos ás caixas. Apoiamos, efectivamente, os socialistas a Novacaixagalicia, que utilice todas as vías dispoñibles para mellorar a súa posición negociadora co regulador. Aí, na negociación de Novacaixagalicia, dos seus responsables, co regulador, todo o apoio do Partido Socialista. Nos enredos e na demagogia, nós non imos estar. *(Aplausos.)* E quero ler a nosa resolución sobre este tema que vostedes votan en contra.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que nos axustes para reestruturación do sistema financeiro se garanta o mantemento de Galicia no mapa financeiro con entidades solventes, vinculadas prioritariamente co territorio e cos sectores produtivos galegos, dando prioridade ao mantemento de Novacaixagalicia como propietaria maioritaria dun banco solvente e competitivo que manteña a obra social.

Neste sentido, o Goberno galego dará conta con carácter urxente ao Parlamento de Galicia da situación financeira de

Novacaixagalicia, das alternativas de futuro e do plan de viabilidade que deberá presentar a citada entidade diante do Banco de España.”

Díganos que non é apoiado deste texto. Díganos só iso.

E agora retomo o meu discurso dos catorce puntos, porque ao mellor é deformación profesional, eu son profesor, pero faltaba un tema nos catorce puntos, faltaba un tema fundamental. Non sei se se deron conta: non había unha soa palabra de educación; non había unha soa palabra de educación. *(Aplausos.)* Entón vou falar de educación agora. Vou falar de educación.

Supresión do dereito á gratuidade dos libros de texto. Por certo, cun sobrecusto do 25%... *(Interrupcións.)* Pois, se o repetín, vaino escoitar outra vez, señor conselleiro; vaino escoitar por segunda vez. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Un sobrecusto do 25% respecto do modelo anterior. Un ataque brutal á Formación Profesional, e todos sabemos que atacar a Formación Profesional ten ideoloxía, ten ideoloxía. *(Aplausos.)* Un ataque aos comedores escolares, un ataque ás ANPA, unha caída do 35% nas transferencias, un 57% de caída nas bolsas ao alumnado universitario, un 34% de caída na aprendizaxe de idiomas estranxeiros, un 61% de caída en investimentos materiais en colexios públicos. Estou seguro de que os colexios que segrega por sexos non teñen ningún problema para facer os seus arreglos, estou absolutamente seguro. *(Aplausos.)*

E aquí temos algunha proposta: Gratuidade universal de libros de texto, apoio absoluto á Formación Profesional, plan contra o fracaso escolar e plans específicos de becas para aqueles desempregados que queiran continuar formándose ou para fillos de desempregados que queiran continuar estudando. Porque a educación é o elemento que vincula mellor as políticas sociais e o crecemento económico, porque implica xustiza social, especialmente para aqueles cidadáns que non teñen redes sociais ou herdanza. E, por outra parte, é un elemento de competitividade da economía. E vostedes esquécena porque os que lle interesan a vostedes pura e simplemente poden pagala. *(Aplausos.)*

E remato, señor presidente, coa valoración...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ:... —remato, señor presidente— coa valoración final deste Goberno en cuestións ao mellor micro, pero que son representativas, e é unha actitude miserable. É unha actitude miserable cando se rebaixan 5 euros/día de axuda aos estudantes de FP que fan prácticas, cando se abolen os servizos de inclusión social ou cando se lles quita ás mariscadoras o fondo que lles permite cotizar á Seguridade Social para cobrar cando se xubilen. Polo tanto, fundamentalmente imprudencia e insensibilidade. Lamentablemente, iso é o que temos os galegos con este Goberno. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Eu persoalmente creo que non lle deron ben a volta, mesmo algún compañeiro ou compañeira súa das bancadas da oposición dáballe unha volta máis, que era seguir coa historia. Como saben, o sabio, que é o que conduce aos que están na sombra cara a luz, despois é asasinado por estes, porque, precisamente,... Pero nin sequera foron capaces diso. Déronlle unha volta bastante mala.

Eu ¿que queren que lles diga? Eu nunca fun da caverna política, e as cavernas, pois algunhas incluso están ben. Por exemplo na que saíron os Beatles, que é unha magnífica caverna para estar, pero bueno. (Aplausos.)

Eu quero tamén felicitar a señora Pontón, porque traduciu moi ben a Castelao do castelán, idioma no que falou no Congreso, ao galego, que é o idioma que falamos neste Parlamento. (Aplausos.)

Hoxe... do señor Feijóo, e de como se le a “j” en castelán, e en galego tradicional, podíamos falar tamén, señor... Non, non... Méjico...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Non dialoguen, por favor.

O señor PUY FRAGA: Nós imos apoiar varias propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego, concretamente 15, e 16 do Partido Socialista. Algunhas delas, por exemplo,

simplemente para tranquilizalos, que non se vai recorrer ao copago no ámbito sanitario. Creo que é importante. Temos transaccionado 4 co Partido Socialista, 2 co Bloque sobre os seus textos e 3 sobre o noso texto. Eu creo que é un resumo de que estamos abertos a incorporacións importantes.

Eu ademais quero congratularme, porque creo que é bo que todos os galegos saiban que neste Parlamento hai algunhas maiorías bastante amplas en favor dalgúns grandes temas que son os que lles preocupan agora, na actualidade.

Por exemplo, eu creo que o anuncio que se fixo porque transaccionamos unha proposta co Partido Socialista en relación co futuro de Novacaixagalicia, é unha boa nova para o país que teñamos un acordo. E vostede di que estamos enrendando.

De entrada eu recordo que no pleno pasado votaron exactamente o contrario, porque o señor Blanco presentou unha resolución que non dicía isto. Perdón, tanto a interpretación do formulante como de calquera pode sabelo. Pero, en todo caso, o importante é que hai un acordo sobre o que queremos, que é que Novacaixagalicia sexa tratada con equidade e con xustiza en relación co esforzo de saneamento realizado para poder continuar na nosa terra exercendo o seu importante labor. (Aplausos.)

Tamén creo que é moi positivo que teñamos un acordo para a Lei do solo. Nós propoñemos que o Goberno trasládase un documento aquí, para con ese documento de base poder avanzar un pouco máis rápido; vostedes quixeron transaccionar con nós que sexa o propio Parlamento o que parta de cero. Ningún problema. Un texto, o da Lei do solo, que vén detrás das DOT, que por iso o ano pasado estaban e este ano non están. Porque vostede dicía: traen as mesmas do ano pasado. As DOT non as traemos, nin o POL, porque xa están aprobados, por exemplo; nin o Plan estratéxico, porque tamén está aprobado. Traemos agora a Lei do solo ao Parlamento e sen que sexa o propio Goberno quen fixe a axenda. Por certo, que ía traer un proxecto que ten consensuado en boa medida —polo menos ten falado e adiantado bastante— coa propia Federación Galega de Municipios e Provincias.

Tamén creo que é bo que se saiba que hai un acordo amplo en relación co financiamento autonómico e para demandar os 800 millóns que, en flagrante incumprimento do que é o

pacto de financiamento autonómico, do que é o sistema de financiamento autonómico, está a facer Galicia. Eu creo que é bo, aquí hai un acordo entre o Partido Popular e o Bloque no que tamén nós aceptamos a proposta tanto de garantir que se vai recorrer xudicialmente esta cuestión, como era a intención da Xunta –no caso de que non se consiga convencer coa razón, haberá que ir á xustiza para reclamar o que consideramos que nos deben– como tamén traer ao Parlamento unha comisión de seguimento de como está a funcionar o sistema de financiamento autonómico. (*Aplausos.*)

E finalmente tamén hai un acordo amplo en relación co catálogo farmacéutico. Outra sombra pasou por aquí –recordábame o meu compañeiro, o señor Santalices–, que é a sombra dos 14.000 que están escondidos non sei en que listas de espera –esa é a sombra–, e a realidade son os 20.000 que estaban aquí documentados polo artigo 9 na lexislatura pasada. Pero bueno isto é o que foi unha tónica xeral en todo este debate. En todo caso, o importante é que hai un acordo para manter o catálogo, para conseguir un aforro importante e investir eses recursos na mellora do sistema público sanitario, co que este partido está firmemente comprometido. (*Aplausos.*)

Dito isto, eu quero aclarar dous ou tres conceptos. Por un lado, xa saben que eu comparto a preocupación pola carga futura que supón o público-privado. Eu creo que este Goberno é responsable ao respecto; a proba é que temos avanzado. Eu xa sei que algúns queren avanzar máis en dous anos do que se avanzou nos últimos catro anos anteriores, pero bueno, temos avanzado algo. Temos a transparencia maior no Regulamento do que son as contratacións vía financiamento público-privado, e ademais témolo pactado nesta casa con motivo da Lei de medidas fiscais. Ningunha comunidade autónoma ten isto, nin sequera o Estado.

E vostede, señor Losada, dixo algo que a min tamén me preocupa, que é que, efectivamente, cada vez máis, o financiamento público-privado estase indo, ou considerando, en termos contables, pola Unión Europea, como un endebedamento. E cando o considera endebedamento, non o deixa realizar. E claro, vostedes curiosamente están aquí non votando –tamén hai que dicilo– o Pacto do Obradoiro. Nós presentamos unha resolución pedindo o cumprimento do Pacto do Obradoiro, e vostedes dixéronme na negociación: Non, no Pacto do Obradoiro non din nada de que en marzo

este presentado ou licitado o proxecto. Correcto, porque, efectivamente, tiña que estar licitado no 2010, pero nós aceptamos que o liciten todo, aínda que non sexa no 2010, que o liciten todo no 2011.

A frase do señor Guerra fixo moda –el é un creador de moda–, fixo moda neste Parlamento (*Risos.*) Eu teño aquí os notarios da historia: “Fomento financiará el AVE con la fórmula que el PSOE critica para el hospital de Vigo”. “Blanco se compromete a publicar el proyecto en el BOE en el primer trimestre del 2011”. Bueno, eu creo que iso o dixo o señor Blanco. “José Blanco avanza que los pliegos de contratación estarán antes de abril y se abrirá en 2015 el AVE”. Eu creo que isto está perfectamente, é a palabra do ministro. “Este mes en el Diario de la Unión Europea y en el BOE en el primer trimestre del 2011”. *Faro de Vigo*, notarios da realidade.

Eu simplemente quero dicir que nós quedamos profundamente preocupados porque coinciden as observacións –moi atinadas– do señor Losada, que di que cando hai un investimento que non supón moito risco para a parte contratante privada Europa considérao un endebedamento, e vostedes hoxe aquí non apoian o Pacto do Obradoiro, incluso asumindo que ían licitalo por vía público-privada, que non estaba no Pacto do Obradoiro, despois da fecha do Pacto do Obradoiro, que eran unhas cantidades en 2010. (*Aplausos.*)

Ademais destas cuestións, eu creo que é conveniente tamén dicir algo. Nós presentamos unha trintena ampla de propostas de resolución que cremos que abarcan o fundamental do que o Goberno ten que facer, fundamentalmente, para saír da crise e crear emprego, sabendo que a situación e as competencias de política económica, nunha crise como a que ten España, que todo o mundo reconece que é distinta da que tiñan antes –antes a desculpa era que a crise era mundial, hoxe xa non é así–, temos un problema aquí, e as comunidades autónomas poden arrimar o ombro. Eu creo que xa o está a facer, a lealdade institucional no tema do principal problema de España, como dixo o señor Zapatero, que é o déficit público, é exemplar. Pero é certo que alguén dos que nos escoite nos pode dicir: bueno, rexeitaron algunhas. Eu creo que aprobamos algunhas importantes, pactamos outras moi importantes ás que fixen referencia. Desgraciadamente non pactamos outras tamén importantes, como as do AVE, pero tamén é certo que hai moitas que non aprobamos.

Eu simplemente quero dicir dúas cousas: o que aprobamos co Plan estratéxico é simplemente o seguimento do Plan estratéxico. Eu podo estar de acordo en que aquí pode abusarse demasiado da palabra plan. Persoalmente creo que hai que explicar ben o que é o instrumento de planificación nunha economía social e de mercado, que non é o que era na Unión Soviética, evidentemente, senón que é un instrumento flexible que se vai readaptando ás circunstancias, pero sempre atendendo a un obxectivo final que neste caso está claro: cales son os sectores estratéxicos, cales son os sectores nos que hai que investir e cales son os prerequisites de formación, de novas tecnoloxías, etc., para que iso funcione.

Pero quero dicir que vostedes, que nos acusaron a nós –parece recordar– de que tiñamos o récord dun plan cada tres días ou unha cousa destas, nas súas propostas de resolución o PSOE preséntanos 65 plans e 3 informes, e o Bloque preséntanos 46 plans e 5 informes. E para non incrementar ou mellorar esa media de tres ao día, ímolos rexeitar na súa maioría.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pasamos á votación das proposicións. Pechamos as portas.

Tratei –en función tamén do que me comunicaron os distintos grupos parlamentarios– de axustar o máximo posible as votacións, tal e como me foi plantexado. Espero non equivocarme, se non pódennos dicir cando remate.

Imos comezar votando as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, e vou tratar de facer os grupos de votación tal e como me foi pedido.

Comezamos pola votación das propostas números 9, 17 e 25. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? Non, do Partido Popular, dixeron. Non, perdón, comecei dicindo que íamos empezar polas propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, e fixen bloques de votación conforme o que me pediron o Partido Socialista, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular.

¿Si? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, téñoos aquí, vouno comprobar. O Grupo Socialista pedíume

nun bloque varias iniciativas. Como, de todas esas iniciativas, tres delas coinciden con tres iniciativas que me planteou o Bloque Nacionalista Galego, que son en concreto a 9, 17 e 25... Entón hai un erro na 25, que mantiven. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ¿estame pedindo agora que vote...? Non, non, estaba nun grupo. (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*)

Señora Caride, eu non entendo nada. Vostede plantexa a 25 dentro dun grupo moi longo, dentro deste grupo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón é un erro meu. Entón a 25 por separado. Perdón, foi un erro meu, que a metín onde non era. É que entre tantas, e a tanta velocidade...

Votación das propostas de resolución números 9 e 17 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votación da proposta de resolución número 25 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Votamos a continuación –a ver se non me trabuco outra vez– as iniciativas número 22, 28 e 32.

Votación das propostas de resolución números 22, 28 e 32 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Eu comprendo que é complicado, pero aquí hai outra opción... Si, pero como hai algunha iniciativa que coincide coa doutro grupo, votamos o conxunto.

Votamos a continuación as iniciativas número 19, 26 e 33. (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*) (*A señora Caride Estévez pide a palabra.*) ¿Si, señora Caride?

A señora CARIDE ESTÉVEZ: A 23 e a 26 están no terceiro grupo.

A señora PRESIDENTA: ¿Perdón?

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Dixo 19, 23 e 26. A 19 está nun grupo e a 23 e a 26 están noutro grupo.

A señora PRESIDENTA: É 33. Son 19, 26 e 33.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Pois a 19 e a 36 están nun bloque e...

A señora PRESIDENTA: É 33.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: A 19 e a 33 están nun bloque...

A señora PRESIDENTA: Señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... e a 26 está noutro; 2-6.

A señora PRESIDENTA: Señora Caride, eu sinto todo isto. Pido desculpas porque me podo trabucar, pero sabe que isto chegou a última hora, por tanto... O que vou facer é separar a votación, e punto. Como se teño que votar unha a unha.

¿Son 19 e 33? (*Asentimento.*) Votamos.

Votación das propostas de resolución números 19 e 33 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 24; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votamos agora a número 26.

Votación da proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, ningún; abstencións, 35.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votamos a continuación –a ver se non me trabuco de columna– a 6, 7, 8, 10, 31 e 34.

Votación das propostas de resolución números 6, 7, 8, 10, 31 e 34 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votamos a continuación as iniciativas 4, 5, 11, 13, 14, 20, 21 e 37.

Votación das propostas de resolución números 4, 5, 11, 13, 14, 20, 21 e 37 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 36.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votamos agora a iniciativa número 36, que pediron a votación de forma individual. (*A señora Caride Estévez pide a palabra.*) ¿Si?, ¿para que quere a palabra?

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Votación do terceiro guión da proposta de resolución número 36.

A señora PRESIDENTA: Sabe que iso non o vou aceptar, porque...

A señora CARIDE ESTÉVEZ: ¿Non o acepta o grupo que a presenta?

A señora PRESIDENTA: Non, non, é que non se pode votar por puntos, porque...

A señora CARIDE ESTÉVEZ: ¿Por que non?

A señora PRESIDENTA:... houbo un acordo... (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*) Señora Caride, señora Caride...

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Señora presidenta...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Que acepte desagregar todas as votacións das iniciativas, como creo que se aceptou, é unha cousa, non vou entrar agora nun debate que xa se deu no órgano correspondente, que foi a Mesa. Hai un acordo de Mesa e Xunta de Portavoces, polo tanto, non se vai votar por separado.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Señora presidenta...

A señora PRESIDENTA: Se quere votar vostede...

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Con todo respecto, señora presidenta...

A señora PRESIDENTA:... a iniciativa 36...

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... acordouse que as iniciativas fosen compactas.

A señora PRESIDENTA: Perdón, señora Caride, non ten a palabra. Señora Caride, non ten a palabra.

Votamos a iniciativa número 36.

Votación da proposta de resolución número 36 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 36.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votamos a continuación as iniciativas números 1, 12, 15, 16, 18, 23, 27, 30 e 35.

Votación das propostas de resolución números 1, 12, 15, 16, 18, 23, 27, 30 e 35 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 12; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votamos a continuación as transaccións cuxos textos xa coñecen os grupos parlamentarios.

Votamos en principio a transacción da emenda número 3 do Grupo Parlamentario Popular coa emenda 19 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da transacción da emenda número 3 do G. P. Popular de Galicia coa emenda 19 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción.

Votamos agora as transaccións das iniciativas números 2, 24 e 29 do Grupo Parlamentario Popular.

Votación das transaccións das iniciativas números 2, 24 e 29 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas transaccións.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as proposicións do Grupo Parlamentario Socialista, comezando polas números 10, 42, 43, 113, 119, 125, 143, 176, 177, 188, 207, 211, 217, 236 e 239.

Votación das propostas de resolución números 10, 42, 43, 113, 119, 125, 143, 176, 177, 188, 207, 211, 217, 236 e 239 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade.

Votamos a continuación a proposición número 141.

Votación da proposta de resolución número 141 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votamos a continuación as propostas números 94, 105, 137 e 186.

Votación das propostas de resolución números 94, 105, 137 e 186 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 38; abstencións, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votamos a continuación as proposicións números 12, 24, 71 e 72. *(A señora Caride Estévez pide a palabra.) ¿Perdón, señora Caride? (A señora Caride Estévez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Votamos a 12, 71 e 72.

Votación das propostas de resolución números 12, 71 e 72 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 50.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votamos a continuación a iniciativa número 24.

Votación da proposta de resolución número 24 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 50.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Votamos a continuación as transaccións do Grupo Parlamentario Socialista sobre as proposicións números 20, 109, 152 e 238.

Votación das transaccións do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre as propostas de resolución números 20, 109, 152 e 238.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade.

Votamos a continuación o resto das iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación do resto das iniciativas do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas o resto das propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Comezamos a votación polas números 10, 12, 13, 15, 27, 47, 74, 96, 130, 132, 144, 174, 213 e 218.

Votación das propostas de resolución números 10, 12, 13, 15, 27, 47, 74, 96, 130, 132, 144, 174, 213 e 218 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade.

Votamos a continuación a proposición número 37.

Votación da proposta de resolución número 37 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votamos a continuación a transacción sobre a iniciativa número 45 do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 45 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción.

Votamos a continuación as transaccións sobre as iniciativas números 32, 182, 192 e 196.

Votación das transaccións sobre as propostas de resolución números 32, 182, 192 e 196 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas transaccións.

Votamos a continuación a transacción sobre a iniciativa número 53 do BNG coa 60 do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 53 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa número 60 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta transacción.

Votamos a continuación a transacción sobre a proposición número 54 do BNG coa 58 do Grupo Socialista.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 54 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa número 58 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta transacción.

Votamos a continuación o resto das iniciativas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. *(A señora*

Caride Estévez pronuncia palabras que non se perciben.)
¿Cal é o problema agora, señora Caride?

A señora CARIDE ESTÉVEZ: A 19, 31, 117, 128...

A señora PRESIDENTA: Cos datos que proporcionaron os grupos...

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Si, si.

A señora PRESIDENTA: Cos datos que eu teño aquí, eu creo que para evitar confusións soamente desagreguei aquelas votacións que polo posicionamento da Cámara teñen posibilidade de ser aprobadas. Pero non me pode pedir agora que empece a desagregar o resto das iniciativas.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Non, señora presidenta, teno vostede na nota: a 19, 31, 117, 128, 156 e 206.

A señora PRESIDENTA: Si, pero é que non me escoitou vostede.

Tal como foi plantexada a cuestión, simplemente lle dixen que aceptaba desagregar todas aquelas iniciativas que podían ter o apoio da Cámara, pero non aquelas que en principio...

A señora CARIDE ESTÉVEZ: ¡Pero bueno...!

A señora PRESIDENTA: Perdón, señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Pero entón, ¿non podemos decidir o que votamos? ¿Non podemos votar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Pero perdón, señora Caride, o que está claro é que vostede comunicou o que comunicou a estas horas.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Si, si, comuniquéi o que comuniquéi, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: ¿Cantas iniciativas son, señora Caride?

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Son 12 nun grupo e 6 noutro grupo, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: O que non pode –vólvollo repetir... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: ¿Vostede tenme que dicir o que teño que votar? ¿Non podemos votar?

A señora PRESIDENTA: Señora Caride, por favor, ¿déixame falar?

Ao mellor ten que ler vostede o artigo 78.2 deste Regulamento, onde se di claramente que a presidenta pode ordenar as votacións. E dixen que ía... *(A señora Caride Estévez pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero un momento, un momento... ¿Deixádesme, por favor?

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Señora presidenta, desculpe.

Mire, o sentido do noso voto para esas iniciativas é distinto, por iso queremos votalas separadas. Non lle pedimos unha votación separada á parte do resto das iniciativas; o noso sentido do voto é distinto para esas seis iniciativas.

A señora PRESIDENTA: Si, pero son iniciativas que o seu sentido de voto non vai cambiar tampouco.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Pero, ¿vostede como o sabe? ¿Ten unha boliña máxica? *(Interrupcións.) (A señora Caride Estévez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Caride. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Caride, para empezar, teño a capacidade de ordenar a votación. ¿Cales quere vostede votar separadas?

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Queremos votar a 19, 31, 117, 128, 156 e 206.

A señora PRESIDENTA: Vólvamo repetir.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: A 19, 31, 117...

A señora PRESIDENTA: Non escoito. É que como están a falar non escoito nada.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Perdón. Repetímolos lentamente. A 19, 31...

A señora PRESIDENTA: Por favor, prego silencio.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Son a 19, 31, 117, 128, 156 e 206. O resto poden ir todas xuntas.

A señora PRESIDENTA: Ben.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Perdoe, o resto tampouco poden ir todas xuntas, porque tamén...

A señora PRESIDENTA: Perdón, perdón...

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Non, non, é que están así especificadas. Ese é un bloque, señora presidenta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora presidenta, se quere pásolle a nota, que foi a que lle pasei antes. Entendo que pode existir un erro.

A señora PRESIDENTA: Eu pretendo toda a colaboración. O seu grupo plantexou as votacións a última hora.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Por iso entendemos que pode haber un erro.

A señora PRESIDENTA: Loxicamente hai que ordenar a votación, e esta Presidencia ten capacidade para facelo. Creo que din todas as facilidades, desagregamos todo o que quixeron desagregar, e paréceme que neste momento... Son a 19, 21, 117, 128, 156 e 206.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Señora presidenta, ¿quere que llo leve?

A señora PRESIDENTA: Non, non quero que me traia nada. Simplemente votamos xa unhas iniciativas, agora dime vostede que votemos este bloque, e despois votamos o resto.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Non, porque o noso sentido do voto é distinto, señora presidenta. *(Murmurios.)* Temos tres opcións de voto e queremos tres votacións para as nosas tres opcións de voto.

A señora PRESIDENTA: Pero eu o que lle quixen explicar, que vostede non me quere escoitar, é que, independentemente do

seu sentido de voto, eran iniciativas dun grupo que non foron aprobadas polo grupo maioritario.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Pero aprobar estamos aprobando agora.

A señora PRESIDENTA: Moi ben. Pero eu podo facer iso, señora Caride. Entón... *(Murmurios.) (Protestas.)*

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Non o entendo. Non, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Votemos.

Señora Caride, dígame as outras iniciativas que quere votar, porque xa sei que non van razoar.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Mire, señora presidenta, repítolle que no bloque anterior...

A señora PRESIDENTA: 19, 21, 117...

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... perdón, 31. É 19, 31...

A señora PRESIDENTA: 117.

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... 117, 126, 156 e 206. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Díxome 128.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Perdón, 128, 156 e 206. *(Murmurios.)*

E no outro grupo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero, se quere tomar nota, nós non temos problema. No outro grupo, 2, 14, 20, 27, 33, 38, 71, 72, 193 e 209.

A señora PRESIDENTA: ¿Sabe que pasa? Que a 37, por exemplo, xa a votamos.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: É que non lla dixen, por iso.

A señora PRESIDENTA: Si, si, acabama de dicir. *(Interrupcións.)*

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... 33, 38, 71 e 72. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Téñoa tachada, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Que quede clara unha cousa, señora Caride, que quede clara unha cousa. Vou facer a votación por bloques, pero que lle quede claro que teño a capacidade de ordenar a votación, tal como lle dixen.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: E nós o dereito a votar. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: ¿Perdón, señora Caride? *(Murmurios.)*

A señora CARIDE ESTÉVEZ: E nós o dereito a votar. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: O que pediría, señora Caride, o que pediría –se me deixa falar a señora Barcón tamén– é máis colaboración por parte do seu grupo á hora de plantexar as iniciativas. *(Interrupcións.)* Señora Caride, señora Caride, simplemente fago a petición de que me gustaría máis colaboración e de que as iniciativas se plantexen cun pouco máis de anterioridade, porque creo que eu... *(Murmurios.)*

Pero ¿podo falar ou non podo falar? Pois, se vostedes non teñen présa, eu tampouco teño ningunha présa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois xa está. Porque tamén... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos someter a votación... Imos someter a votación as iniciativas 19, 31, 117, 128, 156 e 206, ¿parécelles ben? *(Asentimento.)*

Votación das propostas de resolución números 19, 31, 117, 128, 156 e 206 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 38; abstencións, 24.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votamos a continuación as iniciativas 2, 14, 20, 27, 33, 38, 45, 71, 72, 195 e 209.

Votación das propostas de resolución números 2, 14, 20, 27, 33, 38, 45, 71, 72, 195 e 209 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 62.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votamos agora o resto das iniciativas do Grupo Parlamentario do BNG.

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Esgotada a orde do día, levantamos a sesión.

Remata a sesión ás nove e oito minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Álvarez Chao, Emma	(PP)
4.- Arias Veira, Pedro	(PP)
5.- Aymerich Cano, Carlos	(BNG)
6.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
7.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
8.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
9.- Barcón Sánchez, Mar	(PSdeG-PSOE)
10.- Barros Sánchez, Natalia	(PP)
11.- Blanco Alvarez, Fernando Xabier	(BNG)
12.- Bouza Santiago, Ana Luisa	(BNG)
13.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
14.- Cajide Hervés, María del Carmen	(PSdeG-PSOE)
15.- Caride Estévez, María José	(PSdeG-PSOE)
16.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
17.- Cerviño González, Francisco	(PSdeG-PSOE)
18.- Cobián Fernández de la Puente, Pablo	(PP)
19.- Díaz Lugilde, Yolanda	(PP)
20.- Díaz Pardo, Angeles	(PP)
21.- Escribano Rodríguez, Javier	(PP)
22.- Fernández Fernández, Rosendo	(PP)
23.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(PSdeG-PSOE)
24.- Fervenza Costas, José	(PP)
25.- Fraga Santos, Silvia	(PSdeG-PSOE)
26.- Francisco Rivera, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
27.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
28.- Gallego Lomba, Manuel	(PSdeG-PSOE)
29.- García López, José Antonio	(PP)
30.- García Pacín, Isabel	(PP)
31.- Goldar Güimil, Jesús	(PP)
32.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
33.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
34.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
35.- López Campos, José Carlos	(PP)
36.- López Rodríguez, Dámaso	(PP)
37.- López Vidal, Pablo Xavier	(PSdeG-PSOE)
38.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
39.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
40.- Meijón Couselo, Guillermo	(PSdeG-PSOE)
41.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE)
42.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
43.- Novoa López, Enrique	(PP)
44.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
45.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
48.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
49.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
50.- Prado del Río, Paula	(PP)
51.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
52.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
53.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
54.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
55.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
56.- Rodríguez González, Román	(PP)
57.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
58.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
59.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
61.- Sánchez Montenegro, Isabel	(BNG)
62.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
63.- Seoane Romero, María	(PP)
64.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
65.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
66.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Táboas Veleiro, Teresa	(BNG)
69.- Tomé Roca, José	(PSdeG-PSOE)
70.- Valcárcel Gómez, Marta	(PP)
71.- Varela Sánchez, Ricardo	(PSdeG-PSOE)
72.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel	(PP)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
74.- Verdes Gil, Sonia	(PSdeG-PSOE)
75.- Viéitez Alonso, Henrique	(BNG)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25